

## sarria

O último pleno acolleu un intenso debate sobre o contrato de alumado público. **Páx. 2**

## samos

O Obradoiro Benito Jerónimo Feijoo, unha nova entidade. **Páx. 14**

## triacastela

A XII Feira de Artesanía e Produtos da Zona será o día 28 de setembro. **Páx.15**

## láncara

Láncara, Samos e Paradela contarán co obradoiro dual de emprego 'Os soutos'. **Páx. 16**

## o incio

A XIV Feira de Artesanía e Produtos da Terra foi un éxito. **Páx. 18**

## Sarria segue acollendo propostas musicais

O Festival Garitosis e o Esmorga Fest son as seguintes citas musicais



## A Deputación crea o programa Marela!

A Vicepresidencia presentou Marela!, un novo programa para a promoción da Raza Rubia Galega. **Páx. 19**

## Club de ximnasia rítmica Aixa

Xorde no 2009 a partir da alta demanda de nenas de ximnasia rítmica que había en Sarria. **Páx. 21**

## As Festas de Goián



A nova directiva da Comisión de Festas de Goián pon en valor os festexos. **Páx. 4**

## Asociación A Muiñeira



José Folgueiras preside a Asociación Micolóxica A Muiñeira desde 2022. **Páx. 8**

## Museo Muvicla de Láncara



"O amor por Láncara é o que me move a seguir co meu proxecto". **Páx. 17**

## Roda de novo o balón na provincia

Arranca a tempada de fútbol con cambios no regulamento para unificar as novas categorías. **Páx. 22**

**CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA**

**CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL**

**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**

**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA**

**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240**

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com**

## SARRIA

# As modificacións de crédito e o contrato do alumeadado, a pleno

O pleno da Corporación de Sarria aprobou as propostas do Goberno local de Camiña Sarria para a modificación de crédito con cargo ao remanente de tesouraría municipal.

Ademais, co orzamento deste ano, abonaranse as subvencións nominativas pendentes do ano 2023 ao club da Sarriana, ao CB Sarria e ao club de fútbol sala Os Meigallos, cun valor total de 52.000 euros.

Pero o pleno tivo como tema prin-

cipal a proposta do Goberno local da modificación do contrato do alumeadado público. Así, Camiña Sarria conseguiu que se acordase remitir unha proposta de modificación á empresa adjudicataria dos servizos enerxéticos de alumeadado exterior e dos edificios municipais, cos votos a favor do BNG.

A solicitude prevé a inclusión dos gastos enerxéticos da piscina climatizada e da residencia de anciáns, así

como de 115 farois.

O Partido Popular, que votou en contra, explica que supón unha suba de case 9.000 euros, 8.851,06 euros ao mes, é dicir 128.517,44 euros máis ao ano, no prezo que o Concello paga á empresa, e lembran que o informe aportado ao expediente e elaborado pola enxeñeira industrial municipal responsable do contrato indica que a modificación proposta supón un incremento de case o 20 % do prezo do contrato. "Esta é a outra sorpresa dun contrato prexudicial para os intereses do municipio e que nos terá atados durante 20 anos", denuncian os populares. Con todo, din que "esta modificación é outra mostra máis da chapuza do Goberno en relación a este contrato, que impediu que puidese presentarse ningunha empresa de Sarria polos requisitos de acceso, o que supuxo unha clara limitación". E lembran que, aínda que a lei de contratos prevé que unha modificación do 20 % podería permitir a resolución do contrato, a modificación proposta é "curiosamente do 19,92 %".

Finalmente, explican que podía sacarse a licitación un contrato para que as pequenas e medianas empresas de Sarria, da comarca ou da provincia puideran prestar os servizos que se lle engaden á empresa que gañou o concurso, "xa que as empresas próximas presentarían prezos máis competitivos ao non ter que desprazarse nin subcontratar". Pola súa parte, o portavoz socialista, Benjamín Escontrela, pediu que a modificación quedase sen aprobar nin rexeitar ata que existan informes



de Secretaría e Intervención, despois de saber se a empresa acepta a proposta municipal.

Mentres, desde o BNG comezaron explicando que non podían apoiar a modificación e, despois, cambiaron de opinión e votaron a favor da modificación, o que para o Partido Popular foi "un acto contradictorio, non só por cambiar de opinión, senón porque votar a favor desta modificación vai en contra dos valores do partido nacionalista. Aquí se ve que, aínda que non gobernen en coalición, o BNG é a muleta de Camiña Sarria e sempre que hai que arranxar algunha irregularidade, aí está o Bloque", conclúen os populares.

**MOCIÓN APROBADA.** Por outra banda, os concelleiros do PP de Sarria pediron no pleno que se redacte un proxecto para o uso da Casa Camiña, un inmovible cun pequeno terreo pegado á Casa Consistorial, que foi adquirido polo Concello por un importe de 117.000 euros hai máis de catro anos.

Nese sentido, dende o PP de Sarria instaron ao Goberno municipal para

tramitar e redactar o proxecto técnico e a execución das obras de rehabilitación e adecuación necesarias para a ampliación das dependencias municipais neste inmovible co conseguinte aforro nas rendas que se abonan mensualmente por alugueiros doutros inmovibles. A adquisición deste inmovible, que contou co apoio do Partido Popular de Sarria, tiña como finalidade a ampliación das dependencias municipais e o aforro no alugueiro doutros inmovibles.

"A adecuación destas instalacións permitiría mellorar a situación de servizos municipais que se atopan limitados pola falta de espazo e condicións, como as dependencias destinadas á atención de servizos sociais", subliña Carmen José López, portavoz popular en Sarria.

Pola súa parte, o PSOE e o BNG votaron a favor da moción, mentres que Camiña Sarria se abstivo, e ambos portavoces, Benjamín Escontrela e Efrén Castro, comunicaron a súa disposición para buscar axudas nas administracións para acondicionar o inmovible e que poida ser utilizado para servizos sociais.

## MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

- **Modificación de crédito por 391.000 euros:** Reparación do pavillón do CEIP Frei Luís de Granada. 250.000 euros para mellorar a cuberta, o peche e o pavimento do pavillón polideportivo do centro educativo. Estas obras servirán para mellorar as instalacións do colexio para o desenvolvemento das clases de Educación Física e para actividades extraescolares e pasar os recreos, cumprindo así o compromiso que ten o Goberno local coa ANPA e a comunidade educativa.

130.000 euros para mercar os terreos para a ampliación da piscina e 10.000 euros para obras de mantemento na escola de música.

- **Modificación de crédito de 558.215,08 euros:** Entre outros, obras para o correcto funcionamento dos servizos municipais,

como a reposición de servizos básicos na rúa do Mazadoiro, a extensión do abastecemento de auga en Padriñán e Caias, a renovación dos aseos da Casa da Cultura, a mellora da climatización da piscina cuberta, a adquisición de contedores marróns e a mellora de equipos informáticos.

- **Modificación de crédito por un valor de 48.237,59 euros:** Obras na residencia de maiores con reparación, fixado e esmaltado de portas, instalación de sistemas de videoconferencia, cableado de instalación de fibra, pintado de radiadores e restablecemento de fondos desaparecidos da caixa de residentes. A renovación do tellado xa está rematada, así como tamén se pintou o interior, se renovou o mobiliario e se creou unha sala de visitas.

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## A Asociación Cultural Rúa da Música celebra o Garitosis XII

A asociación Rúa da Música celebra, un ano máis, o seu Festival Garitosis, que será o sábado, 7 de setembro na Travesía da Rúa Nova. Nesta XII edición, contarase con diferentes artistas que levarán a música á vila sarriá en diferentes momentos, comezando ás 13.00 horas coa sesión vermú con invitación a churrasco da man de Jack J. Hutchinson. Xa pola tarde, a partir das 20.30 horas, terá lugar a apertura da porta para que se acheguen as persoas interesadas en desfrutar deste evento, coa actuación de La Alfombra Mágica ás 21.00 horas, Zalomon Grass ás 22.15 horas, Señor Salvaje ás 23.45 horas, Crowed ás 01.15 horas e o sarriao DJ Jorginho ás 02.30 horas.



Desde a organización sosteñen que apostan por bandas de música de diverso tipo, aínda que predomina o rock, e tamén por grupos emerxentes co fin de integrar novos rapaces que estean comezando no mundo

da música. Ademais, todos os anos contaban cun concerto dunha banda da Asociación da Rúa da Música, pero este ano non poderá ser. Porén, esperan que nos vindeiros anos poidan recuperar esta tradición.

## O 8 e 9 de celebrarse a romaría dos Remedios



Os vindeiros 8, domingo, e 9, luns, de setembro celebrarse no Concello de Sarria a romaría dos Remedios.

Durante os dous días, haberá misas desde as 08.00 horas na capela e a maior será ás 13.00 horas, seguida de procesión, pero a protagonista será a festa e verbena con diferentes agrupacións musicais.

O domingo día 8 estará a Orques-

tra Sinfonía, a Charanga de Parada durante a mañá e pola tarde noite volverá a Orquestra Sinfonía para amenizar a tarde e tamén estará a Charanga Louband. Pola súa parte, o luns, o protagonista será para Los Españoles e o solista Dani Pardo, que estarán tanto na xornada da mañá como da noite poñendo a música para que a veciñanza desfrute dunhas grandes festas.

## Os organizadores do Esmorga Fest adiantan novos artistas do evento

Os organizadores do Festival Esmorga Fest, que se celebrará os vindeiros 25 e 26 de outubro, veñen de confirmar novos nomes de artistas e grupos de música que estarán actuando no evento.

O evento de música indie celebrará a novena edición do festival, que ten como finalidade seguir coa inclusión de bandas emerxentes e seguir promovendo a alta participación da veciñanza e doutras persoas interesadas no evento.

Así, a planificación do festival mantense como noutras edicións, sendo a primeira xornada dedicada a desfrutar dos concertos na sala Litmar; men-



tres, o sábado, as actividades musicais desenvolveranse na Sociedade La Unión e á noite volverán á Sala Litmar onde rematará o evento.

Os primeiros artistas e grupos confirmados foron Atención

Tsunami, Ghostwoman, Los Manises, Máquina, Músculo!, Mourn e Perro; aos que se suman Carmela, Cora Yako, El Chico López, Nudozurdo, Terrae djs e Terror Erótico Adolescente.

## Máis de 400.000 euros para o obradoiro dual de emprego

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financiará o obradoiro de emprego do Concello de Sarria cunha subvención por importe de 411.928 euros.

Desta maneira, 20 persoas desempregadas do municipio beneficiaranse desta axuda durante 9 meses, así como o farán, en total, 340 persoas desempregadas en 46 concellos de Lugo, nos que a Xunta desenvolve 17 obradoiros duais de emprego.

Durante eses 9 meses, ademais de recibir formación sobre atención sociosanitaria, distintos aspectos da construción, o sector forestal

ou de viveiros e xardíns, a limpeza, xestión de residuos, turismo, tratamento de datos e control de pragas; as persoas en proceso de formación poderán actuar nos concellos onde se desenvolva.

No caso concreto de Sarria, será a vila o punto central dos traballos, onde mellorarán o Campo da Feira, a Antiga Prisión Preventiva e distintos puntos do Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio, tal e como explica a directora territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na provincia de Lugo, Carmen Jose López.



### TU CARDIÓLOGO EN SARRIA

ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y  
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA



### Rebollal - Leal

#### CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Cardiopatías Familiares
- Insuficiencia Cardíaca
- Prevención Cardiovascular
- Arritmias
- Hipertensión Arterial
- Cardiopatías Congénitas
- Dolor torácico

Nº Reg. Sanc C-27-001193

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria - Lugo / Tel.. 634 406 084

# As festas de Goián, unha cita con moita historia

A Romaría do Santo Cristo de Goián, que se celebra cada ano o primeiro domingo de setembro, ten a súa orixe no ano 1742

A parroquia de Goián, en Sarria, celebrou as súas festas na honra ao Santo Cristo os días 31 de agosto, 1 e 2 de setembro, con diversas actividades para veciñanza e interesados. Concretamente, o 1 de setembro, coincidindo co primeiro domingo de setembro, tivo lugar a Romaría do Santo Cristo de Goián, unha celebración que ten a súa orixe no ano 1742 da man do párroco Don Antonio Armesto Rivadeneira, "o cal comezou a celebrar o primeiro domingo de setembro a conmemoración do Santo Cristo con varias funcións relixiosas", segun-

brado, secretaria.

Esta romaría é unha das máis destacadas da comarca de Sarria e cada ano atrae a numerosos fieis e crentes que renden culto á imaxe do Santo Cristo do santuario, e este ano non foi unha excepción. Centos de devotos de Friol, Lugo, Castroverde, Láncara, Páramo, Paradela e Sarria estiveron presentes no primeiro domingo de setembro en diversas misas na honra ao Santo Cristo. Estas misas, non só a da Romaría, senón as que se levaron a cabo durante os tres días das festas de Goián, foron oficia-

José Manuel Somoza, que exerceu durante 55 anos o seu labor sacerdotal nas parroquias de Goián, San Miguel de Vilapedre, Ortoá, Frades e Arxemil, ás que agora atende Jules. Desta maneira, o de Camerún sostivo que está "moi contento en Goián e a acollida foi unha gran alegría cos corazóns cheos de esperanza, xa que o convento da Merced e os Padres Mercedarios en Sarria son unha historia e esta historia debe permanecer". Así, foi para el un reto presidir a primeira Romaría de Goián, pero di que aprendeu "que como Cura de Goian necesito moita paciencia, un amor grande na misión e moitos sacrificios. É unha bendición ser cura do Santuario Santo Cristo de Goián. Valoro moito a historia do Santuario e ao ser todos unha Igrexa, un pobo, hai que compartir a alegría da festa con todos", concluíu. Pola súa parte, desde a asociación de veciños de Goián din que "para ser o primeiro ano que está como párroco para as festas, ten bastante iniciativa e ganas en facer cousas novas".

**AS ACTIVIDADES, DA MAN DA ASOCIACIÓN.** Durante as tres xornadas das festas, as actividades protagonistas foron a xuntanza cabalar, a gastronomía, cunha pancetada popular, un pintacaras da man de Huellas Sarria e a música, xa que o sábado actuou o Dúo Tropical, o domingo estivo o Grupo Reviravolta, a orquestra Solara e a Banda Louband de Sarria; e o luns estivo o grupo Tania Veiras. Ademais, houbo un sorteo de 3 lotes



de produtos valorados cada un en 100 euros. Todas estas actividades foron organizadas pola Asociación de Veciños de Goián, que xorde o 29 de setembro do 2004 como asociación veciñal, pero máis tarde, no

para toda a parroquia", explican. Con respecto á evolución destas festas, argumentan que foi "favorable, aínda que a pandemia fixo que, nese ano e nos seguintes, mermase un pouco. Esperamos que volvamos a contar coa afluencia dos anos anteriores", comentan. Ademais, contan coa axuda da veciñanza, polo que "as festas son para eles".

**"Foi e segue sendo unha das romarías de máis afluencia de veciños dos concellos lindeiros da comarca de Sarria, chegando a contar con múltiples peregrinacións ao santuario o primeiro domingo de setembro"**

**IMPORTANCIA DESTA INICIATIVA.** Este tipo de festas son importantes para Goián e para a comarca de Sarria "porque foi e segue sendo unhas das romarías de máis afluencia de veciños dos concellos lindeiros da comarca, chegando a contar con múltiples peregrinacións ao santuario", explican desde a asociación. E destacan que "hai tradicións que hai que coidar e seguir mantendo. Por iso, desde a asociación de veciños estamos traballando na mellora desta festa e sobre todo queremos que volva a ser o que era antes, recuperando as multitudinarias merendas que se levaban a cabo os domingos, as peregrinacións, etc.", aseguran. Ademais, poden acometer estas actividades porque contan coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo a través do seu programa Tradigalu, co que



do explican desde a comisión de festas de Goián, encabezada pola Asociación de Veciños de Goián, representada por Jose Vázquez Veiga, tesoureiro; Kevin Abuín Pérez, presidente; e Jéssica López So-

das por un novo cura que chegou a Sarria o pasado 15 de setembro 2023 como novo frade no convento da Merced, Jules Roger Ndzana, de 43 anos e natural de Camerún. Así, substituíu ao antigo clérigo

**REVESTIMIENTOS FONTAL**

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

**Audio Sarria**

CENTROS AUDITIVOS  
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

- Pruébelos SIN COMPROMISO
- Revisións GRATUÍTAS
- FINANCIACIÓN hasta 18 meses sin intereses

**AUDÍFONOS RECARGABLES**  
¡Y olvidese de las pilas!

**\*SUPER GARANTÍA HASTA 5 AÑOS PARA PÉRDIDA O ROTURA**

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976 | audiosarria@gmail.com



trouxemos ao grupo de gaiteiros Reviravolta, que estiveron na pro-cesión”.

Con todo, valoran o desenvolvemento das festas deste ano, porque “para ser a primeira vez que asumimos o labor de lev-las a cabo como nova directiva e tendo en conta o difícil que foi, estamos contentos, veu máis xente da que esperabamos e cremos que todos quedaron contentos”, sosteñen desde a Asociación de Veciños. Porén, din que “é unha mágoa” que non viñeran este ano as rosquilleiras, a pesar de que o

intentamos”, explican, xa que “é unha tradición que se foi perden-do”. Con todo, sosteñen que había moita tradición en Goián das rosquilleiras, polo que “intentare-mos que o ano que vén volvan e participen das festas de Goián, así como tamén intentaremos volver a promover as tradicionais merendas das festas”.

Ademais, apuntan a que teñen necesidades: por unha parte, a económica, “xa que organizar as festas e outras actividades require de presupostos elevados os cales a asociación non daría asumido

de non ser pola axuda económica que aporta o Monte Comunal de Goián”, explican. E, en segundo lugar, argumentan que “tamén notamos en falta máis colaboración doutras entidades, coma o Concello de Sarria, o cal organiza múltiples actividades na vila, pero non se acorda das parroquias do rural para nada. Sen ir máis lonxe, o ano pasado deixounos sen a Cabalgata de Reis, un acto que tiña moita afluencia e facía moita ilusión aos nenos e nenas do pobo”, denuncian. Así, conclúen que “hai que apostar polo rural”.

## A Deputación mellora a LU-P-5713 e a LU-P-5709




A Deputación de Lugo está a traballar na mellora na estrada provincial LU-P-5713, que conecta o Concello de Sarria a través da estrada LU-546 co Concello de Baralla, pasando pola parroquia de Piñeira. Esta intervención conta cun investimento que supera os 100.000 euros. As actuacións, adxudicadas á empresa Grupo Bascuas 2008 S.L., afectan a un tramo de case dous quilómetros, concretamente dende o inicio da vía ata o punto quilométrico 1,850.

Os traballos inclúen a limpeza das cunetas, melloras no sistema de drenaxe, a pavimentación con aglomerado en quente e a instalación de nova sinalización horizontal e vertical. O prazo de execución destas obras é dun mes, polo que estarán rematadas a finais de setembro.

Tamén está a traballar nas obras de mellora doutro tramo da estrada provincial LU- P-5709, que conecta Sarria e Paradela cun investimento de máis 90.000 euros.

As actuacións, adxudicadas á empresa Construcciones Carballeira SL, afectan a 3 km de vía entre os puntos 10,7 e 13,8. Cun prazo de execución de dous meses, consistirán na reapertura de cunetas, na reparación de afundimentos e outros desperfectos da vía, na repavimentación e na reposición da sinalización vertical.

Trátase dunha actuación importante porque esta estrada, situada entre os concellos de Sarria e Paradela, conecta a comarca sarriá coa da Ribeira Sacra. Ademais, complementan as obras feitas entre os km 5,9 e 10,7; cun valor de 260.000 euros.



NOS GUSTA VERTE FELIZ Y...  
MUY PRONTO CONSEGUIREMOS TU MEJOR SONRISA



- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontoloxía xeral, endodoncia e prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirurxía oral e Implantoloxía. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodontista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.

Rúa Pedro Saco, 37  
Tel. fijo: 982 831 632  
Móvil: 621 404 218



CLÍNICA  
OBRADOIRO  
DENTAL

APERTURA EN OCTUBRE

## Peleriños abre a súa matrícula para o curso



A Asociación Cultural Peleriños abre a súa matrícula para que todos os interesados poidan apuntarse ás clases que se imparten no vindeiro curso 2024-2025. Así, haberá aulas para todas as idades e niveis desde os 4 anos, arrancando o curso en outubro.

As aulas infantís serán os venres; no caso de clases de gaita e percusión,

serán ás 17.00 horas, mentres que as clases de baile terán lugar a partir das 19.00 horas. Pola súa parte, as clases para adultos serán os martes, con canto e pandeirata ás 18.30 horas e baile ás 19.30 horas; os mércores, con costura 'trad'; os venres, con baile ás 20.00 horas; e os sábados, con gaita e percusión ás 18.30 horas.

## Baiuca encheu o parque do Chanto durante a Noite Meiga

A Noite Meiga, organizada pola Asociación Cultural Meigas e Trasgos, acolleu diferentes actividades durante os días 30 e 31 de agosto e 1 de setembro.

Centos de persoas desfrutaron do concerto do artista galego Baiuca o 30 de agosto a partir das 23.00 horas no parque do Chanto, que veu precedido pola andaina popular desde a saída do cruce de catro camiños.

Pola súa parte, durante o sábado, 31 de agosto, o actor e produtor de cine galego, Rubén Riós, presentou os actos festivos da Noite Meiga a partir das 20.30 horas, aínda que antes, ás 20.00 horas, tivo lugar o pregón a cargo de Victoria Pérez Penela



seguido da actuación da Banda de Música da Comarca de Sarria e os Clarisaxos.

Despois, cheou o momento da Asociación Meigas e Trasgos ás 21.00 horas e ás 22.00 horas foi a cea popular ata ás 01.00 horas da madrugada, cando se desen-

volveu a danza da Noite Meiga, e pechando a noite coa actuación de Broken Peach.

Durante último día, houbo un obradoiro infantil ás 16.30 horas e tivo lugar o concerto infantil de Xavier Blanco ás 19.00 horas.

## Xa se pode facer a ruta literaria Camilo Gonsar de maneira autónoma

A páxina web do Concello de Sarria conta xa coa nova audioguía da ruta literaria Camilo Gonsar de Sarria, desenvolvida por Rubén Grilo, Antón Fortes e María Ramos na parte física; e polo concelleiro César No na parte virtual. Esta nova audioguía homenaxea ao artista sarriano Camilo Gonsar e á súa novela 'Desfeita', que acolle moitas localizacións en escenarios típicos de Sarria. Así, a ruta literaria componse por 11 placas que se atopan en lugares significativos da vida do autor e noutros onde se desenvolve a súa obra, nos que hai uns códigos QR que dan acceso á parte da audioguía que explica dito lugar. As placas da ruta literaria atópanse no parque do Chanto, Ponte Ribeira,



na rúa Benigno Quiroga, na rúa dos Viños, na Unión, no Casino, na rúa Maio, no antigo cuartel da Garda Civil, no hotel Roma e na Estación, onde remata o percorrido.

A intención é que as persoas poidan facer unha ruta de forma autónoma e libre, seguindo cada parada ata

completar a ruta enteira, ou pódese facer por tramos.

Ademais da ruta individual e autónoma que se pode facer a través da audioguía, seguirá habendo rutas guiadas, que se organizarán cada certo tempo, conducidas por Silvia Mondelo desde O Chanto.

## A Banda da Comarca deu un concerto na praza de Praterías



Imaxe de Tomás Cumbras

A Banda de Música da Comarca de Sarria protagonizou o 16 de agosto, un concerto na Praza das Praterías de Santiago de Compostela. Organizado pola Federación Galega de Bandas de Música Populares, o concerto tivo a finalidade de fomentar e estimular a actividade musical. Manuel Montero, músi-

co e profesor na Escola de Música de Sarria foi o encargado de dirixir a Banda neste evento no que interpretaron 12 pezas musicais. Así, sostivo que a Praza de Praterías estaba "ateigada de xente" e admitiu que "foi o concerto da Banda con máis público de todos os que levamos feito.



**LIMPIEZAS ISABEL**

674 467 444  
641 171 951

**PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**  
isabelimpiezas@gmail.com



**MARMOLES VILARO**



**ESPECIALISTAS EN**

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS \*
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*\*De las más prestigiosas marcas del mercado*

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N  
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilaro@hotmail.com

www.marmolesvilaro.com



**Pontenova**  
mesón restaurante

Amplia terraza de verano  
Servicio de catering  
Comida casera  
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering\_meson\_a\_pontenova  
 Meson pontenova

**RIO LOYO**  
Restaurante




982 535 334  
697 491 756  
Calvo Sotelo, 124  
27600 SARRIA  
(Lugo)

**A Pulperia de Luis**

**Mesón Castro**

Domingo noche / lunes cerrado  
Amplia terraza de verano  
Comida para llevar

Reservas  
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



**HOTEL & VEIGA**

Calle Compostela 61  
Samos - Lugo  
Reservas: 982 546 052  
[www.hotelaveiga.es](http://www.hotelaveiga.es)

• PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO  
• TERNERA GALLEGA SUPREMA  
• ASADOS EN HORNO DE LEÑA  
• ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063

Casa de Aza Padron



**A Fervenza**  
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 30 - [info@fervenza.com](mailto:info@fervenza.com)  
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones

**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros  
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL: 639 010 696

# “A Muiñeira dinamiza o ámbito cultural de Sarria”

Falamos con José Folgueiras, presidente da Asociación Micolóxica A Muiñeira desde 2022, e que o ano que vén cumpre 30 anos

## Cando e con que motivación xorde a Asociación A Muiñeira?

A asociación xorde no ano 1995 porque fixeramos un curso na Extensión Agraria de Becerreá onde eu traballaba de micoloxía e a raíz diso empezaron a dicir que era mellor constituír unha asociación para que viñera xente de todas partes.

## De onde vén o seu amor pola micoloxía?

Eu estaba na Axencia de Becerreá e no ano 1987 un día chegou un

estivemos no monte e fixemos un curso ao cal viñera o referente na micoloxía. Así foi como xurdiu a miña afección por isto. Desta maneira, reuniámonos e sempre houbo un curso en Becerreá cando eu estaba de xefe de Axencia alí e agora aquí.

## Cales son os obxectivos da asociación?

O contacto coa natureza, descubrir os diferentes tipos de cogomelos, compartir un tempo con persoas coa mesma afección ca

cando coñecen a asociación e o sector, marchan. Os de sempre quedan e algúns únense agora, polo que vai variando o número. Cando empezamos, había sobre 100 e pico persoas, e agora por exemplo hai arredor de 70 persoas, aínda que nas xornadas veñen máis persoas que se unen. Son tempos distintos; agora hai máis interese pola ecoloxía que non había no 87, son mundos diferentes, pero eu vexo que a xente está interesada pola micoloxía. Nas xornadas participan persoas de Sarria, de Monforte, e dos concellos da comarca, e de asociacións, como os da asociación Val de Láncara, que veñen varios ás xornadas, mentres que de Sarria tamén vén xente de diferentes asociacións.

## Cales son as actividades que organizan e por que en Sarria?

É unha asociación que dinamiza o ámbito cultural de Sarria. A xente ten interese na micoloxía e a asociación vale para as persoas ás que lles guste a natureza e a micoloxía e que poidan desfrutala. Ademais, incidimos moito cos cativos, xa que imos cos pequenos da Asunción e do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria ao monte. Ademais, todos os anos facemos na Casa da Cultura unha exposición de setas durante dous días e pasan por ela moitísimos rapaces de todos os centros educativos aos que convidamos, aínda que tamén poden ir independentemente pola súa conta a velas. Esta exposición organízase desta maneira: Facemos unha



charla de iniciación á micoloxía e outra para veteranos sobre como recoller as setas e como manter o medio natural durante unha semana en outono. Logo, facemos a recollida das setas o sábado e o domingo despois desas charlas; a primeira recollida é nunha zona frondosa e a seguinte adoita ser nun piñeiral. Con esas setas recollidas, levamos a cabo a exposición na Casa da Cultura de Sarria, que está dous días exposta, o

como un neno que, nunha charla que fixemos e á que veu Mariano García, experto en setas, e Antonio Rigueiro, da USC; nos preguntou se un boletus mollado era tóxico, e sorprendeunos.

## Cales son os proxectos de futuro?

Este ano comezamos un curso de cestería, xa que esas cestas valen para logo ir recoller as setas, e logo cada ano facemos unhas camiñatas ao monte, charlas, a exposición anual e cursos de micoloxía. O noso proxecto de futuro é seguir coa actividade que levabamos facendo ata o de agora e seguir divulgando isto, non temos uns expertos espectaculares, pero cada persoa controla uns modelos concretos de cogomelos, e non temos intención de meternos en temas de investigación.

## Teñen colaboración con outras entidades ou asociacións?

Non necesitamos axudas económicas, non nos preocupan as subvencións porque a burocracia leva moito tempo. Nós levamos ao monte uns bocadillos e nada máis. Pero so que é certo que o Concello de Sarria facilítanos a Casa da Cultura e sempre están dispostos para todo o que lle pedimos.



de Cervantes, que hoxe en día é o alcalde, e díxonos que viñan uns señores cunhas furgonetas ensinar micoloxía e eu non tiña nin idea nin de micoloxía, nin de setas, e púxenme en contacto con Constantino Mariño, un dos expertos do tema, e a raíz diso

ti... esta é unha afección que cando empezas gústache, hai xente que veu para aprender sobre setas para consumo propio, outros porque lles gustaba a fotografía...

## Cantas persoas forman a asociación?

Os socios votan uns anos e xa

**“A asociación vale para as persoas ás que lles gusta a natureza e a micoloxía, e así poden desfrutar ambas cousas”**

luns e o martes. O mércores recolleemos, xa que xa non están igual. Os nenos marchan moi contentos despois de ver a exposición e depende da implicación do profesor aínda poden facer un traballo. Hai alumnos que incluso se uniron á asociación con nós e algún sabe tanto que nos sorprende,

**OSCAR**  
ALQUILER DE COCHES

Alquiler de Vehículos  
en Sarria

951 12 93 33

OSCAR.ES



**NOVOAUTO**



Tu mejor opción en vehículos  
nuevos, KM0 y ocasión

982 53 26 29

NOVOAUTOSARRIA.COM



## Case 600.000 euros para mellorar vías municipais no municipio

O Concello de Sarria vén de sacar a licitación obras por valor de 580.494 euros para mellorar vías municipais, que serán cofinanciadas pola Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo.

Desta maneira, as obras estarán divididas en tres actuacións. A primeira será un plan de mellora de camiños rurais de zonas de concentración parcelaria, que será financiado pola Consellería de Medio Rural cun valor de 132.603 euros e polo Concello, que aportará 27.846. A través desta actuación, acondicionaranse os accesos entre Río e O Currial, en Zanfoga; e de Penagache a Airexe; na parroquia de Maside.

A segunda actuación será para a mellora de camiños rurais, financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con 94.294 euros, mentres que o Concello de Sarria porá 30.646 euros. Neste caso, melloraránse os accesos a Vilarello, nun de Lamas, os da Pena e Vilaesteva desde a estrada LU-P-5703 e a igrexa de Vilanova.



Con respecto á terceira actuación, esta acollerá a mellora de 19 accesos a través dos fondos do plan Deputación, polo que a entidade provincial aportará 275.000 euros, e o Concello asumirá 20.103 euros.

Con estes cartos, melloraránse os accesos entre O Carballal e Castelo dos Infantes, de Vilasante á igrexa de Fontao, Regueiro (Fontao), Ribeira (Vilarrairo), no Piñeiro (Corvelle), de Vigo de Sarria a O Castro dos Petos, entre Fafián e As Aceas, a Taíde, na escola da Pinza, o acceso ao núcleo

de Couso, desde Maside a Ponte de Santalla, entre o cemiterio de Chorente e a pista de Vilamaior, desde o campo de fútbol a Chorente, o acceso á igrexa de Nespereira, no núcleo de Abeledo, a San Fiz de Vilapedre, a Fondo do Agro (Lamas), desde Guitián ao Calvario e San Pedro, e a Castelo de Loureiro desde a estrada LU-P-5711. Estes traballos consistirán no barrido do firme, cubrir as fochancas e o triplo rego asfáltico para mellorar a calidade das estradas tanto para os vehículos como para os peóns.

## Comezan os traballos de mellora no parque infantil do Chanto

O Concello de Sarria está xa a acometer as obras polas cales se mellorará o parque infantil do Chanto, uns traballos moi demandados polos veciños e veciñas e que terán unha duración de 15 días. A través da Consellería de Medio Ambiente, que encabeza Borja García, destínanse 35.000 euros para a remodelación nun espazo de 105 metros cadrados, que proceden no 80 % dunha subvención da Xunta de Galicia e o 20 % do presuposto da entidade local.



Con esta actuación, quérese promover un lugar accesible a través da colocación dun pavimento de caucho de absorción de impactos, á vez que

se potencia a inclusividade a través de novos xogos: un carrusel inclusivo, un balancín, un resorte, un bambán e un areeiro.

## Paralízase a actividade no matadoiro municipal



Os concelleiros do PP piden explicacións ao Goberno de Camiña Sarria sobre a suspensión da prestación do servizo do matadoiro municipal, facéndose eco do malestar entre o sector porque “leva máis dunha semana pechado” e esíxenlle “unha previsión de cando se recuperará a actividade”. Nese sentido, piden “máis dilixencia e axilidade para que a situación do matadoiro se resolva o antes posible”. O equipo de goberno evidenciou, segundo valora a voceira, “a súa incompetencia para a xestión do mesmo”. A suspensión do servizo confirma o “desinterese do Goberno de Camiña Sarria respecto deste servizo do que xa se intentou desfacer ao principio do mandato, xusto antes de destaparse o burato de 200.000 euros que aínda está pendente de investigación xudicial”, explican.

Ao día seguinte de que o Grupo Municipal do Partido Popular trasladase ao pleno as queixas dos usuarios sobre a suspensión do servizo, o alcalde ditou un decreto polo que acordou suspender a prestación do servizo de matadoiro ata que poida garantirse “a salubridade e hixiene das carnes con destino ao consumo humano”. Se ben a resolución oficial data do venres, o día seguinte do pleno, o

matadoiro levaba días sen ofrecer o servizo habitual. Esta situación súmase ao “escándalo” polo burato de 200.000 euros nas arcas municipais en relación ao matadoiro despois de que “Intervención xa advertirada grave irregularidade de que o cobro do servizo se levase a cabo sen o control necesario”. O Grupo Municipal do Partido Popular de Sarria tense persoado como acusación no procedemento penal seguido ante o Xulgado de Sarria para “coñecer os detalles do caso do burato dos 200.000 euros e defender os intereses dos veciños e veciñas”.

**EXPLICACIÓN DO GOBERNO.** Desde o Concello explican que desde o pasado 26 de agosto o matadoiro está pechado por unha avaría na caldeira de auga quente e vapor. Así, despois de trasladar aos animais a outros matadoiros, suspendeuse o servizo e desde o Goberno local informan de que están esperando polas pezas para que os técnicos poidan arranxar a maquinaria e poder así recuperar o servizo. Mentres, aproveitan para realizar tarefas de mantemento, como pintar as cuadras e tamén deberán instalar cámaras de seguridade por motivos de benestar animal.

**MADERAS GUILLAR**  
**COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO:**  
**CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO**  
 (fincas de calquera tamaño)  
**ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO**

645 958 789 (Pablo)  
 660 517 860 (José Angel)

**CHÁMENOS SEN COMPROMISO**

**FONTANERÍA Y GAS**  
**VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA  
 SUELO RADIANTE  
 BIOMASA  
 INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
 27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
 Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

# “Os valores son a innovación, o compromiso e a garantía”

Falamos con Jose Antonio Rodríguez López, xerente da empresa Corbar Maquinaria Agrícola, que xorde no ano 2004 da iniciativa de tres socios

## Como nace este negocio?

No ano 2004 o meu compañeiro de traballo Víctor Armesto Rodríguez e eu quedamos sen traballo e, xunto co meu irmán Juan Carlos Rodríguez, decidimos asociarnos e montar o noso propio negocio, xa que nós viñamos do sector; Víctor era torneiro e eu dedicábame a vendas; e vimos que había un nicho de mercado sen explotar e unha gran demanda que podíamos atender. Por iso, empezamos a traballar nunha nave alugada e, 10 anos despois, en 2014, decidimos comprar unha nave no Polígono de Morelle de Sarria para traballar de mellor maneira. En 2015 tamén puxe-

máquinas para o forraxe. Así, en maquinaria para cubículos temos encamadoras, gradilla, etc.; e para o tratamento da forraxe temos estendedores de silo, coitelas para o millo... Ao principio, fabricabamos dúas ou tres cousas que había naquel momento, como remexedores de xurro e picadoras de leña; e agora contamos con arredor de 40 produtos en fabricación, e tamén temos produtos que comercializamos.

## Cara a onde se destina a venda de produtos?

Nós enfocámonos na venda de maquinaria na maior parte do territorio español, en Francia e Portugal, sendo recoñecidos, sobre todo en Sarria e na comarca, como tamén en toda Galicia. Levamos 20 anos co negocio e temos a inxenuidade de seguir mellorando cada día.

Así, entre os produtos que comercializamos e distribuímos atópanse os rolos (rodillos Llorente) e as cargadoras da marca Eurotrac e MB para Galicia, Asturias e Portugal; e máquinas de labranza Lemken.

## Tamén venden maquinaria usada.

Si, vendemos maquinaria usada cando acometemos operacións nas que unha persoa quere desfacerse da súa máquina vella e quere mercar unha nova. Nós recolleemos a antiga, que lla cambiamos pola nova, e vemos que tal está e se pode servir para outro cliente. Mellorámola e vendémola a un custo signifi-

cativamente máis baixo.

## Ao ter clientes de diferentes lugares, como se leva a cabo a comunicación?

Sempre intentamos manter o contacto directo con todos os nosos clientes, polo que ao longo do territorio nacional intentamos ir a xunto deles e ter contacto directo co cliente. Ademais, temos dous comerciais na rúa, a xente coñécese e chámanos.

## Cales son os valores da empresa?

Os nosos valores son a innovación, o compromiso e a garantía, e intentamos fomentar e levar eses valores alá onde imos,



través do contacto directo cos clientes, tamén nos decatamos de cousas que nos di a xente, xa que ás veces aportan ideas que axudan tamén a desenvolver os produtos. Se unha máquina falla, seguimos todo o proceso e axudamos ao cliente a que resolva os seus problemas de maneira o máis próxima posible.

compromiso na xente. Eu creo que a sociedade está cambiando, sobre todo despois da pandemia da Covid-19, polo que nós tamén tratamos de adecuarnos ao momento. Nós, agora, un dos obxectivos que temos a curto prazo é traballar a xornada intensiva, non partida, por tema de conciliación e para que o persoal se sinta máis cómodo.

## Xusto seguindo con iso, como é o traballo interno no negocio?

Con respecto aos traballadores, somos un equipo e cada un ten unha función. Comezamos sendo os tres socios e un traballador e agora xa estamos 21 persoas traballando na empresa. O ambiente de traballo é moi bo, son xente nova.

## Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Os proxectos de futuro son seguir innovando e seguir co que estamos traballando. O único proxecto así que temos desde a pandemia e que se retrasou, pero queremos sacar o antes posible, é un robot arrimador de ración para o sector gandeiro. Con este novo aparato, os gandeiros poderán automatizar máis as tarefas nas súas explotacións gandeiras.

“Sempre intentamos manter o contacto directo con todos os nosos clientes ao longo do territorio nacional, en Francia e en Portugal, a onde nos desprazamos cando fai falta”

mos unha tenda de recambios enfocada ao sector gandeiro e agrícola.

## Cal é a súa actividade?

A nosa principal actividade é a fabricación de maquinaria para a preparación de cubículos para gando de leite e tamén a de



dando un bo servizo e co compromiso de intentar superarnos e facelo mellor no día a día. A

## A nivel de traballo, como está o sector?

É difícil atopar xente e atopar

**PERMUY  
GESTIÓN**

**CORREDURÍA DE SEGUROS**

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA  
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

**¡No te pierdas nuestras ofertas de septiembre!**

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

**¡TE ESPERAMOS!**

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47  
982 53 50 63  
610 221 677

## Sácase a licitación a xestión de residuos por 1,6 millóns de euros

O Concello de Sarria deberá actualizar o servizo de recollida de lixo, tendo que sacar a licitación a xestión de residuos por 1,6 millóns de euros, debido a que a concesionaria traballa sen contrato desde 2019.

Desta maneira, desde o Goberno local anuncian que a empresa adjudicataria terá que recoller a obriga legal de actualizar e adaptar as tarifas ao custo real do servizo, recollendo a suba de tarifas da empresa Sogama.

A actual ordenanza fiscal do servizo, que é de 2016, non se actualizou ata este momento, o que supón un desfase económico agravado pola necesidade de revisar o padrón de usuarios no medio rural.

Pola súa parte, con respecto á inclusión do contedor marrón para orgánicos que se está dispoñendo en diversos puntos da vila de Sarria non suporá un problema, só que será un maior cus-



to económico no servizo.

Ademais, Claudio Garrido desculpouse ante a veciñanza e usuarios do servizo de recollida de lixo pola "mala imaxe derivadas das posibles deficiencias do servizo", polo que se buscan solucións a este problema.

**NOVIDADES.** Pola súa parte, no medio rural proxéctase instalar unha especie de illas medioambientais co fin de que a veciñanza poida acceder de forma sinxela e contedores de recollida selectiva.

A intención é conseguir un servizo máis sostible, así como aforrar custos, xa que os produtos que se levan a Sogama e non son incinerables, incrementa o prezo do servizo. Ademais, a instalación destes lugares poderá evitar que o camiión do lixo pase dúas veces por semana aos 270 núcleos de poboación do medio rural, o que aforraría tamén un custo económico grande, o que podería supoñer, á vez, dispoñer de diñeiro para renovar camiións, adquirir barredoras, contratar máis persoal...

## Volve ás rúas o fanzine Macheta co seu nº 8



A Asociación Huhú de Sarria presentou o oitavo número do fanzine Macheta, 'a revista que sae cando lle peta' na Sede, o espazo de arte contemporánea da rúa Ramón Cabanillas. A presentación contou cun concerto acústico do Ronco Lois, antigo cantante do grupo Colloada Salvaxe. Neste número 8, Macheta ten 60 páxinas e unha tiraxe de 300 exemplares, cifras récord na historia da revista, dos que se repartiron xa 150. No índice figuran contidos coma unha escolma de viñetas inéditas do humorista gráfico Chichi Campos e unha ampla representación de mulleres poetas, moitas delas de Sarria: Sonia Marpez, Naila María González,

María Barrado, Paula Castro e Paula Vilas. O fanzine sarriao mantén os sinais de identidade de sempre: liberdade creativa, irreverencia, humor e pensamento crítico. E o prezo de sempre: cero euros.

Desde a Asociación Huhu destacan a boa acollida da revista na presentación, na que se entregaron tamén os 28 primeiros cromos da Macheta que foron editados, sendo cada un deles dedicado a unha colaboradora. Ademais, anunciaron que irán incluíndo colaboradoras dos números anteriores, e editarán un álbum deses cromos.

As persoas interesadas na revista poderán atopala na Sede e no Xarope.



**PIZZERIA PAPPARAZZI**  
100% ITALIANI

**¡¡OFERTAS ESPECIALES!!**

**-50%** en la segunda pizza familiar

**-25%** en la segunda pizza individual

**Martes**  
Familias de Jamón e Bacon  
8€

Servicio a domicilio

Rúa Diego Pazos, 30 - Balac Sarria

Tfno.: 982 012 026

**COMIDA PARA LLEVAR**

**cafe CUBAN bar**

**1º PREMIO**  
XV CONCURSO DE TAPAS  
TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com

Tfno.: 982 886 580

calbarcubano

**TAPERIA ¡ ¡ATO**

Raciones a medida

Comidas por encargo

**COMIDA PARA LLEVAR**

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



## COMARCA

# Tomé reclama ao PP a xestión de Sogama e pide a anulación da suba do canon do lixo

O secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo e presidente da Deputación provincial, José Tomé Roca, denunciou este luns que “a xestión do PP con Sogama é unha vergonza e pediremos en todas as institucións que anulen a suba abusiva do canon do lixo”.

“O que está a facer o PP desde a Xunta de Galicia con Sogama é unha auténtica vergonza”, valorou Tomé Roca. Explicou que no último ano e medio, a Xunta de Galicia e a empresa pública de tratamento de residuos acordaron xa unha suba de 39 euros por tonelada –ata os 66 euros/t- e de cara o 2025 pactaron un novo aumento doutros 42, chegando a cobrar aos concellos 108 por tonelada. “Unha suba para compensar as penalizacións da Unión Europea, cando



o que deberían é cambiar o modelo de xestión de residuos”.

Sinalou que “xa non nos sorprende, porque é unha práctica habitual do PP, que mintan e que lle pasen logo a factura ós cidadáns e ós concellos da súa mala xestión” e incidiu en que o grave de cargar “o seu desastre” sobre os veciños e veciñas e sobre os concellos, é que estes últimos

“xa están asfixiados asumindo cada vez máis competencias con menos recursos”. E anunciou que os socialistas volverán levar ao Pleno da Deputación de Lugo unha iniciativa para que se anule a suba do canon de Sogama; e na vindeira Executiva do PSdeG, “propoñeremos ás agrupacións que a leven aos plenos municipais”.

# Volve o programa Coñece a túa Provincia



A Deputación de Lugo vén de poñer en marcha a segunda quenda de viaxes da cuarta edición do programa Coñece a túa provincia. Faranse excursións gratuítas dun día os martes, mércores, xoves e venres, nas que participarán preto de 1.600 persoas de 69 entidades da provincia ata o 31 de outubro.

As primeiras entidades en desfrutar desta nova quenda de viaxes son a asociación de veciños Alexandre Bóveda Paradai, de Lugo, e a asociación veciñal Penas de San Xoán de Alaxe, do Valadouro. Os da capital visitaron o Mazo de Santa Comba e achegáronse a Sober e Monforte de Lemos, mentres que o colectivo mariñán coñeceu o traballo que se leva a cabo na Granxa Gayoso Castro, e o concello de Negueira de Muñiz.

A Deputación continúa con este programa gratuito, que desde a súa posta en marcha no mandato pasado ten sido un éxito rotundo temporada tras temporada, tanto na participación como no impacto positivo para os sectores económicos da hostalería e o comercio nos municipios nos que se realizan as

viaxes. Ademais, promóvese a actividade en meses nos que os negocios e recursos turísticos teñen menos fluxo de visitantes, o que dinamiza este sector tan importante para a economía da provincia de Lugo.

A iniciativa provincial está dirixida a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lucense seguindo diversas rutas polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico. O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo.

Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

# O curso escolar comeza o 11 de setembro co mesmo número de aulas

Os centros de Infantil e Primaria comezarán o curso o vindeiro 11 de setembro cun total de 174.998 alumnos, o que supón un descenso de 4.030 estudantes respecto ao curso 2023/24. A pesar deste descenso de matrícula, estes centros contarán co mesmo número de aulas. En concreto, no caso dos colexios públicos, haberá en funcionamento 7.336 aulas, dúas máis ca no ano académico que vén de rematar. Ademais, o número

de mestres incrementárase nestes niveis respecto do ano anterior, con novas incorporacións ata o mes de setembro.

O Diario Oficial de Galicia publica precisamente hoxe a modificación do catálogo de unidades do sistema público nas etapas de Infantil e Primaria, no que se pode apreciar xa o resultado da aplicación do histórico acordo de mellora estrutural do sistema educativo asinado o pasado

ano entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais.

A aplicación do acordo sindical permite manter abertas 204 aulas que, coas rateos anteriores, pecharían. Deste xeito, estímase que o acordo vai permitir manter arredor de 900 aulas abertas nos tres próximos cursos, malia a caída da natalidade, para dar así unha atención máis personalizada ao reducirse a cifra de estudantes por aula.





**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

**DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA**  
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052



**ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES**

**CUBIERTAS DE PIZARRA**

**COLOCACIÓN DE PIEDRA**

**ESTRUCTURAS DE NAVES**

**EXCAVACIONES Y TRANSPORTES**

**OBRA NUEVA**

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

# Conectar Lugo e Santiago cunha línea directa por tren: así é o proxecto que estuda o Goberno

O Ministerio de Transportes do Goberno de España, baixo a dirección de Óscar Puente, vén de solicitar a elaboración dun estudo de viabilidade para conectar as cidades de Lugo e Santiago a través dunha nova vía ferroviaria que non pase pola localidade de Curtis, na Coruña. O obxectivo principal será definir un trazado que ofrezca as máximas prestacións posibles e permita modernizar a actual conexión entre Lugo e Santiago, tendo en conta a alta demanda de transporte. O estudo, que foi sacado a concurso, divídese en dúas fases principais cun orzamento total de 420.000 euros e un prazo de execución de 18 meses. A primeira fase céntrase nun estudo de mobilidade en Lugo para avaliar os fluxos de viaxeiros e determinar as necesidades específicas de transporte. A segunda fase avaliará a viabilidade dun novo trazado que mellore a conexión entre a liña León-A Coruña e o Eixo Atlántico de Alta Velocidade, así como os traballos necesarios para acondicionar e mellorar a liña existente ata conseguir a nova variante. Adicionalmente, existe a posibilidade de incluír unha terceira fase, que sería opcional e se iniciaría máis aló de dous anos despois de completar as fases anteriores. Esta fase examinará a viabilidade de crear un corredor directo entre Lugo e Santiago, sen pasar por Curtis e Ordes. A inclusión desta fase no contrato inicial non está garantida e dependerá de decisións futuras. O prazo total para a execución das dúas fases é de 18 meses, cunha finalización estimada para mediados de 2026. Se a terceira fase se leva a cabo, atrasaría aínda máis o proceso. Os pregos de condi-



cións tamén especifican que o novo trazado debe contemplar características similares ao Eixo Atlántico, permitindo velocidades menores se se mantén a competitividade co transporte alternativo e se optimiza a relación custo/beneficio.

Ante a nova do estudo solicitado polo Ministerio, os diferentes partidos políticos expresaron as súas opinións durante a sesión celebrada no Congreso dos Deputados, onde compareceu o Ministro Óscar Puente. O Partido Popular manifestou a súa frustración e descontento co Goberno, acusándoo de incumplir os prazos para mellorar o acceso ferroviario á provincia de Lugo. Os deputados do PP por Lugo e Ourense destacaron a falta de avances na liña Ourense-Monforte e a paralización das variantes de Rubián e Os Peares-Canabal. Segundo o PP, estas deficiencias demostran a renuncia do Goberno á chegada do AVE a Lugo, deixando á provincia á marxe da alta velocidade.

Pola súa banda, Néstor Rego, portavoz do BNG no Congreso, demandou ao Ministro de Transportes que garanta unha mellora significativa na mobilidade ferroviaria diaria en Galicia, aumentando as frecuencias

e prazos dispoñibles nos servizos de tren. Rego criticou as frecuentes demoras e avarías na liña de alta velocidade con Madrid, destacando que estas deficiencias afectan gravemente aos galegos e galegas. O deputado tamén sinalou as deficiencias no deseño da rede ferroviaria galega, que denomina como "o Plan para amputar o AVE galego", e esixiu a adopción de medidas para resolver os problemas derivados das vías únicas e das longas distancias de vía de ancho ibérico.

No ámbito local, Rubén Arroso, voceiro do BNG en Lugo, considerou que a proposta do Ministerio é unha boa nova e un logro significativo para Lugo, "grazas ao traballo do único deputado do BNG en Madrid". Porén, Arroso continúa reclamando a recuperación das liñas ferroviarias eliminadas, como o tren nocturno de Lugo a Barcelona, e lamenta que Lugo siga sendo a única cidade galega sen conexión directa con Santiago. Arroso tamén denunciou a "falta de investimentos e a discriminación histórica en materia ferroviaria en Galicia", e mencionou o atraso na chegada do AVE e que sexa máis rápido viaxar en tren de Lugo a Madrid que de Lugo a Santiago.

# María José Gómez puxo en valor o Plan Marco



A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, visitou a localidade de Sarria e salientou alí as actuacións contempladas ao abeiro do Plan de mellora de camiños rurais, coñecido como Plan Marco, na convocatoria actual 2024-2025.

Neste contexto, a comarca de Sarria recibe en total máis de 700.000 euros neste período para facilitar o acceso ás pistas, tanto baixo esta iniciativa, preto de 500.000 euros, coma no marco do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria finalizadas, máis de 200.000 euros. Concretamente, o municipio de Sarria dispón dunha axuda de máis de 95.000 euros para executar labores ligados ao Plan Marco, un plan que, para toda Galicia, conta cun orzamento de 19,5 millóns de euros, a cantidade máis alta dende 2017. Beneficiaránse así 583 camiños e máis de 460 quilómetros en diferentes concellos galegos.

A maiores, por primeira vez, complementábase co Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria finalizadas, dotado con 6 millóns de euros para toda a Comunidade. De feito, nesta liña de axudas o Concello de Sarria recibiu máis de 130.000 euros para mellorar os accesos a Maside e a Santia-

go da Veiga.

A conselleira salientou a utilidade do Plan Marco para "dignificar, aínda máis se cabe, a calidade de vida no rural e as condicións de vida dos veciños", xa que contempla como subvencionables camiños de acceso a núcleos rurais de poboación e cualificouno "de vital importancia" para os municipios, especialmente para aqueles con maior carga gandeira. O obxectivo do Plan de mellora de camiños rurais é apostar polo benestar da poboación do rural a través do fortalecemento das infraestruturas, que facilita a accesibilidade e vertebración do territorio, reforza o tecido social, contribúe a mellorar a capacidade organizativa das áreas rurais, dinamiza o tecido produtivo e fixa a poboación. Ademais, durante o período 2016-2024, o Plan Marco contou con máis de 130 millóns de euros, permitindo a mellora de máis de 5.450 camiños e máis de 4.280 quilómetros de vías rurais.

María José Gómez destacou que dende a Consellería seguen a reforzar esta iniciativa pola súa utilidade e defendeu a medida que "mellora as dotacións existentes de infraestruturas básicas e enmárcase no compromiso de promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego".

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

**Tapisa, s.l.**

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

982 533 165  
646 599 185

Crta. Comarcas 546, km 21 Sarria

**CARPINTERIA METÁLICA**

NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

**VIMETAL**  
TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo  
Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

## paradela

## Nado o cuarto neno do ano no municipio



O Concello de Paradela fixo entrega dun lote de produtos de primeira necesidade ao cuarto neno nacido no municipio paradelense neste ano 2024.

O lote de produtos está valorado en 200 euros e inclúe unha axuda económica directa de 1.000 euros, que se abona en dous prazos: o 75 % cando se solicita e o outro 25 % cando se acredite residencia efectiva dun ano dende o nacemento.

O obxecto desta Ordenanza é o fomento da natalidade e da adopción coa finalidade de axudar a fixar poboación dentro do termo municipal.

A alcaldesa, Montserrat Mulet, fixo entrega deste lote de produtos a Marta López Rodríguez e Iván Castro Díaz (portavoz do grupo socialista), veciños de Paradela (Andrade) e orgullosos pais de Martín Castro López.

## O Goberno local celebrou o centenario de Manuel Abella

Desde o Concello de Paradela veñen de celebrar que Manuel Abella Murado, veciño da parroquia de Mosteirovello, no municipio, vén de cumprir 100 anos.

Ana Belén López Álvarez, terceira tenente de alcalde e delegada de Promoción do Emprego, Formación, Cultura e Novas Tecnoloxías, acudiu á casa onde residen o recén cumprido e o seu fillo.

A casa familiar tamén recibiu a visita dalgún veciño que non

quixo perder a ocasión de poder felicitar a Manuel no seu centenario. Así, o recén cumprido recibiu uns agasallos consistentes nunha tarta, unha placa conmemorativa, un pin co escudo do Concello e un ramo de flores. Manuel mostrouse emocionado e moi contento polas mostras de cariño recibidas e, sobre todo, por poder contar nun día tan especial coa súa familia ao seu carón.

## samos

## O Obradoiro Benito Jerónimo Feijoo, unha nova entidade

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos creará o Obradoiro Benito Jerónimo Feijoo coa intención de contribuír á promoción cultural e económica do municipio, celebrando a súa asemblea constituínte o vindeiro 28 de setembro.

Este obradoiro leva o nome do frade beneditino que residiu no mosteiro samanense considerado como o principal ensaísta español da época da Ilustración, por iso farase a asemblea o 28 de setembro, que é un día despois do aniversario do falecemento do frade. O obxectivo do Obradoiro, ademais de ser impulsar e promover a Feira de Artesanía, tamén se



promoverá poñer en valor o municipio con xornadas culturais e históricas, editaranse libros e outras actividades coas que fomentar a curiosidade intelectual, cívica e profesional. Así, divulgarase a obra de figuras representativas da cultura de Samos.

A entidade estará formada por directivos da Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos e por outras persoas achegadas que colaboran coa Feira de Artesanía de Samos ou xente vinculada ao concello e á comarca de Sarria.

## Persoeiros destacan o potencial de Samos na XXIV Feira de Artesanía

A XXIV Feira de Artesanía de Samos, organizada pola Asociación de Comerciantes e Artesáns cunha achega económica de 4.000 euros a través de Plan Deputación 2024, acolleu centos de persoas

O evento, no que participaron preto de 30 expositores, incluíu a lectura do pregón, a cargo da médica de familia e presidenta da Asociación Cultural Pelerínos de Sarria, Milagros Núñez e o tradicional xantar.

Ademais, durante a xornada, a veciñanza puido desfrutar de demostracións de artesanía, obradoiros e actuacións musicais de grupos folclóricos que amenizaron a cita.



A alcaldesa do BNG de Samos, Chus López, estivo acompañada polas deputadas autonómicas Olalla Rodil e Montse Valcárcel, así como pola deputada provincial de Cultura Iria Castro, ademais de militantes nacionalistas da comarca.

Tanto Montse Valcárcel como Olalla Rodil mostraron o seu apoio a esta feira, que pon en valor as tradicións desta zona do interior de Lugo: "Samos ten un potencial inmenso e débese impulsar para que sexa un referente na comarca sarriá", sostiveron.

C-27-000501

**logopedia** Centro de **logopedia** **Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?**

M<sup>o</sup> del Mar Tourón

**TRASTORNOS**

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

**NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años**

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria  
Tfno.: 669 260 537 m\_marll@hotmail.com

CLASES IMPARTIDAS POR UN:  
Multimedallista nacional  
Bicampeón de España absoluto  
Bronce Europeo 2019  
Campeón de Europa por equipos en 2021  
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

**Escuela de TAEKWONDO SARRIA**

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA  
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA  
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC\_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

## Continúan os traballos para mellorar os lugares do municipio

Desde o Concello de Samos continuaron durante o mes de agosto cos traballos roza e desbroce. Desta maneira, xa se levaron a cabo polas parroquias e lugares de Vilar do Real, Gosende, Lousada, San Román, Zoó, Estraxiz, Pascais, Manxar, Vilamelle, Pedrachantada e Vilameá. Ademais, tamén se levaron a cabo traballos de acondicionamento e reparación dalgúnhas das sinais do municipio.

A intención desde o Goberno local é seguir mellorando os lugares do Concello de Samos a través de actuacións nas que os veciños desfruten do seu núcleo de poboación limpo.

## A XII Feira de Artesanía e Produtos da Zona será o día 28 de setembro

O Concello de Triacastela celebrará a XII Feira de Artesanía e Produtos da Zona o vindeiro 28 de setembro, na que poderán participar artesás de todas as partes da comarca, da provincia e de Galicia, apuntándose a través do teléfono 982 548 147.

Entre as actividades, aínda por confirmar, terá lugar a apertura dos postos de artesanía e produtos da zona.

O ano pasado, ademais, presentouse o Centro de Interpretación Ferrería da Ponte e Guido Guía levou a cabo unha ruta guiada baixo o nome de 'Triacastela Xacobeá' dende a praza do Concello.

Ademais, o ano pasado houbo unha exposición de pintura 'Cetro médicos pintores seguimos



polo Camiño' na Fonte do Lunar, tivo lugar o pregón e houbo unha concentración de motos do motoclub Os Mouchos.

Con todo, este ano, haberá tamén música para amenizar

a xornada, como o ano pasado, na que houbo varias interpretacións de música cantada mediante 'Cantos de Taberna' organizados polos locais de hostalería de Triacastela.

## Triacastela conta cunha oficina de información ao peregrino

O Concello de Triacastela conta desde primeiros de agosto cunha oficina de información ao peregrino que atende María Elena López desde o baixo da Casa Consistorial.

O servizo prestarase ata que remate outubro en horario de 11.00 a 14.00 horas e de 17.00 a 19.00 horas de luns a venres. Ademais de ofrecer información turística e recomendacións aos camiñantes, na oficina tamén se sela a credencial e poden consultar folletos e material divul-



gativo sobre o pobo e sobre o Camiño Francés.

Tamén se lle fai unha enquisa de satisfacción aos e ás camiñantes

para coñecer a súa opinión sobre a ruta xacobeá e sobre os lugares, servizos e establecementos que visitan.

## Atopan materiais no nivel cinco da Cova Eirós



Durante o mes de agosto, volveu á Cova Eirós o equipo de investigación conformado por alumnado da Universidade de Santiago de Compostela, de Oviedo e Madrid e guiados polo codirector dos traballos, Arturo de Lombera. A través dunha nova campaña de tres semanas, recuperaron o ritmo de investigación arqueolóxica que se levaba a cabo antes da pandemia pola Covid-19, co fin de escavar na entrada da cova e no nivel catro, que se corresponde co Paleolítico Medio.

Ademais, realizaron novos traballos na Gruta dos Locos, que se sitúa no monte Penedo, na parroquia de Canelo.

Por outra banda, outro dos motivos que impulsaron esta nova campaña de investigación foi estudar a arte rupestre do interior da Cova Eirós, xa que é o tema central da tese de doutoramento da investigadora Tania Mosquera, que deu unha charla o pasado 22 de agosto na Sala da Fonte do Lunar.

Con todo, entre os achados máis

importantes desta campaña, atopáronse os restos de industria lítica e fauna, que foron descubertos nun nivel inferior, no nivel cinco, polo que atoparon ocupación humanas máis antigas e tamén materiais.

Ademais, tamén puideron coñecer que a Cova Eirós e a Cova das Cabras están conectadas, aínda que o conduto está taponado. Este achado foi resultado dunha expedición de espeleólogos que realizaron topografías das bocas da Cova, co fin de entender o sistema cárstico do Monte Penedo. Outro dato a destacar é que dous xeocronólogos australianos acudiron tamén á Cova Eirós, procedentes da Universidade de Adelaide, co fin de tomar mostras de todos os niveis do xacemento co fin de realizar datacións a través do sistema OSL e coñecer a antigüidade da Cova Eirós, en Canelo. Con todo, esperan obter os resultados dentro dun ano para saber as datas de ocupación humana e a antigüidade do nivel cinco.



# ¡Marela!

Axudas para a Promoción  
e Potenciación de Reprodutoras  
de Raza Rubia Galega

DEPUTACIÓN DE LUGO Rural  
VICEPRESIDENCIA

## o páramo

## Pura López presentou o seu libro no municipio



A escritora do Páramo, Pura López, presentou por primeira vez o seu primeiro libro de narrativa na súa terra natal paramense. 'La niña que quería ser pájaro', editado por Círculo Rojo Editorial, e que xa vai pola segunda edición, narra a historia da loita dunha muller por alcanzar os seus soños e ilusións; unha lección de tesón, perseverancia e humanidade. É a historia dunha nena dunha pequena aldea do interior de Galicia, que tras emigrar a Barcelona consegue cumprir os sonos que tiña de nena, é dicir, é unha

obra autobiográfica da súa vida. "Decidimos realizar esta presentación para dar a coñecer a publicación dunha persoa moi próxima a nós, que nunca esqueceu a súa terra e que todos os anos nos visita cando volve ao concello veciño do Páramo. Ademais, esta é a historia de miles de persoas que tiveron que abandonar a súa terra para poder desenvolver unha carreira profesional plena, é a historia de moitos dos nosos veciños, familiares e coñecidos, que ano tras ano volven a súa terra".

## Láncara contará co obradoiro dual de emprego 'Os soutsos'

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financiará a posta en marcha do obradoiro dual de emprego 'Os soutsos' dos concellos de Láncara, Samos e Paradela despois de que o alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, solicitara á Xunta unha subvención para poder levar a cabo dito obradoiro.

Así, o mandatario lancharés sostivo que "foi un traballo duro, pero estou moi contento porque, por fin, Láncara contará cun obradoiro de emprego para adecuar as áreas fluviais e a contorna da estación do tren e que vai xerar postos de traballo". Ademais, agradeceu a colaboración dos Concello de Paradela e Samos, "socios de viaxe, especialmente na figura das súas alcaldesas e na dos funcionarios e funcionarias que fixeron isto posible", destacou.

Desta maneira, a subvención, de 411.928 euros, servirá para for-



mar a vinte alumnos e alumnas dos tres concellos en actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría durante dous anos, dedicando 144.174 euros neste ano, subvencionado gastos de formación e funcionamento, e de 187.753 euros para o ano 2025, que servirá para os gastos derivados dos alumnos e alumnas traballadoras durante

nove meses.

Ademais de mellorar a área fluvial e a área da estación de Láncara, tamén actuarán no paseo do Malecón e a ruta do Loio de Paradela e na leira da piscina municipal de Samos, onde tamén farán traballos no campo da feira, na Horta da Botica e nas zonas axardinadas do casco urbano samanense.

## A Deputación de Lugo traballa para o arranxo da estrada LU-P-0503

A Deputación de Lugo vén de iniciar os traballos para o arranxo da estrada provincial LU-P-0503, que é a que conecta Baralla e Láncara. Esta actuación, que conta cun investimento de máis de 110.000 euros, afecta á práctica totalidade da vía, desde o seu inicio en Baralla ata o punto quilométrico 10,5. As obras, que está a levar a cabo a empresa Grupo Bascuas 2008, teñen un pra-



zo de execución estimado de tres meses. O proxecto inclúe diversas intervencións para mellorar o estado

da estrada e incrementar a seguridade vial. Concretamente, os traballos consistirán na reapertura de cunetas para garantir unha correcta drenaxe das augas, na reparación dos afundimentos e desperfectos existentes, e na repavimentación.

Estes traballos permitirán unha maior durabilidade do firme, mellorando a adherencia e reducindo o risco de accidentes. Esta actuación é de gran importancia, xa que a estrada LU-P-0503 non só comunica os municipios de Baralla e Láncara, senón que tamén dá servizo directo ás parroquias de Aranza, Santa María de Pol e Vale. Ademais, a vía é moi empregada para o transporte de mercadorías, especialmente polas empresas madeireiras da zona.

Esta estrada é punto de conexión entre Baralla e a estrada autonómica LU-636, que une Sarria e Becerreá, polo que supón unha mellora na seguridade, na comodidade e na comunicación para o desprazamento dos veciños e veciñas da zona.

**PINTOR**  
PINTURAS - BARNICES  
PERSIANAS  
PAPEL PINTADO  
TARIMA FLOTANTE  
659 767 936

**HOGAR**  
CORTINAS - STORES  
RIELES  
ALFOMBRAS  
EDREDONES  
C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497  
SARRIA (Lugo)

**PINTURAS HOGAR**  
**LATAS**  
tel.: 659 76 79 36

**claudio**

Supermercados **PARADELA**

**Su supermercado de confianza**  
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo  
27611 **PARADELA** / Telf.: 982 541 532

**maderas grandas**

MADERAS Y DERIVADOS  
PUERTAS  
ARMARIOS  
COCINAS Y COMPLEMENTOS  
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)  
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731  
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com



# “O amor por Láncara é o que me move a seguir co meu proxecto”

**Marcos Vázquez é o promotor do Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria situado na parroquia de Traslite, en Láncara**

## Que é a Casa Vázquez?

A Casa Vázquez é unha casa é unha labranza tradicional galega con máis de 200 anos de historia. Así, sempre quixen darlle continuidade a esta casa familiar e asentarme coa miña familia, pero hai uns anos xurdiu a idea de facer un museo. Por iso, tras a construción do cortello a finais dos anos 70, no ano 2017 transformámolo conservando todos os elementos antigos da casa. Así, fomos crescendo e en 2019 inauguramos o Museo Vivo e Integrado do Campo e a Locomoción Agraria (Muvicla), que é, actualmente, o primeiro museo de Galicia que ten cualificación como tal ao abeiro da Lei de Museos de Galicia desde 2021, polo que é o primeiro centro museístico amparado pola Consellería da Xunta.

Ademais da casa familias e o pendello tipo feira que alberga diferentes tractores e paneis informativos, no cortello reformado atópase o salón de conferencias e unha pequena biblioteca na que se atopa outro tractor. Ademais, temos un proxector tamén de microfichas que servía para ver o despece das máquinas de forma ampliada. Agora segue sendo de utilidade porque podemos seguir vendo cousas.

## Con que motivación nace o Muvicla en Traslite?

O Museo nace nun lugar e nun tempo preciso. Eu son un apaixonado do medio rural e estamos nun momento no que é importante facerlle ver á xente a importancia do coidado do medio ambiente e do patrimonio e ver que a cultura nace da agricultura, de cultivar a terra, xa que á vez que fomos cultivando a terra, fomos cultivándonos a nós. As grandes cidades viven de costas ao campo e é importante que existan centros deste tipo para promover unha reflexión sobre o campo e manter así o campo vivo e que a xente mire ao campo porque, se non, imos mal. Nós o que pretendemos é, con este atractivo, transmitir que a paixón polo campo e a realidade é coñecemento e integración de talento. Por ter nacido e querer isto vas pensando en como poder transmitir este amor e eu vexo que aos nenos lles gustan os as máquinas agrícolas e andar en tractor, polo que, aproveitando esa sinerxía de que a xente que vén aquí motivada polas máquinas, tamén lles transmitimos eses valores do campo. É importante que saiban

que grazas aos avances na mecanización puidemos pasar de producir para 5 persoas a producir para 50. Ademais, se nunha casa como a Casa Vázquez podían vivir daquela 15 persoas xuntas e agora as casas están mellor que as das cidades, é o momento de abandonar? Cando hai mais diñeiro ca nunca, non é momento de abandonar.

## É un amante do medio rural, pero tamén da maquinaria agrícola.

O museo pola miña paixón non só polo medio rural, tamén pola maquinaria agrícola, tanto é así que no 2003 restauramos o primeiro

na historia. Cedílle a miña dona, María, que era a única muller na ruta, xa que entramos 30 tractores en Santiago, a honra de ser a primeira en cruzar Santiago. Logo, fomos crescendo e fomos referentes en Galicia e España en restauración e mecanización clásica. Agamac naceu aquí, na Escola de Traslite, aínda que agora o presidente é de Pontevedra porque é de ámbito autonómico, queriamos crecer e non queremos limitarnos. Somos moi dinámicas as persoas que estamos afincadas no rural e cumprimos os obxectivos da asociación.



tractor, e no 2006 naceu a primeira Asociación de Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica a primeira de España, da que fun presidente fundador durante 10 anos. No ano 2008 fixemos o Camiño de Santiago en tractor por primeira vez

## Que actividades se realizan no Muvicla?

Temos actividades propias ou especiais doutras entidades, como as xornadas da Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, outra do GDR de aquí, e logo actividades propias,



como as xornadas do ‘Glamour é o do mais rural que hai’ e as xornadas de ‘Alternativas a uso do petróleo en aplicacións agrícolas’. Con respecto a esta última, presentamos o pasado 30 de xullo en Madrid o libro das tres primeiras xornadas porque leva poñente resumida a exposición e un código QR co seu documento audiovisual prologado pola miña familia. Ademais, tamén está no libro o investigador da USC, Quico Ónega, Francisco Conde e contamos co deseño dun arxentino que formou parte do Concello de Láncara, entón intentamos espallar as raíces do Concello aí onde vamos. Cabe destacar que temos ofertas moi serias para trasladarnos ao Camiño de Santiago a unha nave de Sarria, co que multiplicaríamos as visitas, pero perde a esencia. Aquí hai centos de miles de horas investidas antes abrir o 14 de xuño de 2019 e agora estamos na senda e os visitantes son de moita calidade. Non creo que marchar do rural sexa o óptimo. Creemos que ten que estar aquí fai que a xente teña moito interese por nós.

## Toda esta actividade como repercute en Láncara e na comarca de Sarria?

Isto é moi importante para Láncara porque o museo recibe 1.500 visitas ao ano rexistradas, que facemos con colexios ou institucións, pero non contamos todas as demais nas que veñen familias e particulares, polo que teríamos un 30 % máis de visitas. Ademais, eu son traballador do Concello de Láncara e coñezo aos veciños e veciñas e ademais de ser de aquí, de gastar todo o meu esforzo físico aquí, eu amo Láncara e, ao ser traballador público, quero aos veciños e interésome por eles. O amor a todos os veciños de Láncara é o que me move a ser cada vez máis de Traslite e seguir co meu proxecto. Non pensabamos chegar a este nivel e ter a exposición ‘Coidamos da terra. Coidamos da xente’ en pleno corazón de Madrid, entre o Retiro e o Museo do Prado. Para nós meter un carro galego, un arado prerromano e unha limpadora nun lugar tan importante ten transcendencia e importancia.

## SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena

Máis de 30 anos de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

**¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!**

Tfno.: 629 070 720  
Triacastela Lugo



**ATENCIÓN FAMILIAR**

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSGRADA



HORARIOS

DE LUNS A SÁBADO

Horario continuo  
de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS

De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA

[www.facendafarruquino.gal](http://www.facendafarruquino.gal)

## Centos de persoas participaron no Terra Brava e no Tremeterra



Centos de persoas achegáronse a desfrutar o 24 de agosto do Festival Terra Brava, organizado pola Asociación Terra Brava do Incio, que estivo protagonizado pola música, a gastronomía e a cultura.

Ademais da sesión vermú, que foi de 13.00 a 14.00 horas, e estivo amenizada pola Charanga sin Control, pola tarde o protagonismo foi para a Escola de Música do Incio, que actuou diante das persoas que se achegaron a desfrutar da festa. O prato forte chegou á noite, con diversas actuacións de grupos recoñecidos, como Peter Selek, O Val das Mouras, Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, O Sonoro Maxín e Guezos, quen pechou o festival. Así, o concerto máis esperado foi o de Xabier Díaz, cantante, compositor, investigador e compilador de música tradicional, que comezou na A. C.

Xacarandaina, onde participou como bailador, gaiteiro, pandeireteiro e se iniciou nas recollas etnográficas.

**ÉXITO DO TREMETERRA.** Pola súa banda, centos de persoas tamén quixeron achegarse ao Encoro de Vilasouto para desfrutar da música do III Encontro SoundSystem da Terra Brava, no que destacaron Weeding Dub, Mr Zebre, Lwis Bennet, Radical Guru ou Chapamama. O evento incluíu obradoiros, debates abertos, un taller de iniciación ao ioga e unha mesa aberta sobre a cultura *sound system*, así como un obradoiro sobre a igualdade nos festivais, impartido por Inés Cebreiro, educadora especialidade en igualdade. O rexedor do Incio, Héctor Corujo, destacou "o poder desta cita cultural que se consolida ano tras ano".

## A Cervela acolleu a centenaria danza ritual de Santa Lucía

A parroquia da Cervela, no Incio, protagonizou un dos momentos máis esperados do verán no municipio ao representar a procesión de Santa Lucía a través dunha danza ritual centenaria chea de cores. Esta tradición, única en Galicia, fixo que se achegaran ao lugar decenas de persoas para desfrutar das festas da Cervela, celebradas a última fin de semana de agosto. Durante a procesión había catro bailaríns, catro nenos que portaron a imaxe de San Antonio, outros catro adolescentes que levaron a de San Roque, seguidos doutros catro homes



adultos que levaban a San Cristovo, outros catro coa imaxe de Santa Lucía e catro mulleres que sostían a anda da Virxe do Rosario.

A danza e procesión, ademais, foi amenizada pola muiñeira de Chantada e rematou coa música da Marcha do Antigo Reino de Galicia.

## A XIV Feira de Artesanía e Produtos da Terra foi un éxito

O Incio acolleu a XIV Feira de Artesanía e Produtos da Terra coa colaboración da Fundación Artesanía de Galicia e da Xunta de Galicia, á que se achegaron decenas de persoas para desfrutar das actividades.

Así, houbo postos de Artesanía de Galicia e expositores da zona que venderon produtos típicos, relacionados coa xoiería, bixería, coiro, complementos de moda, cestería, cerería, forxa e xoguetes.

En concreto, expuxeron as súas creacións Miudiño (Vigo), Río-mao estudio (A Teixeira), Rorigarcía (Betanzos), María Jul (Cervo), Péndulo Complementos (Burela), Luciérnaga coiro (Barbadás), María Carmen Otero Folgosa (A Pastoriza) e J. Eiroa Forxa (Culleredo).

No ámbito cultural, Macizas Centrais, a Louband e Carta de Ajuste amenizaron a xornada



coa súa música e a Furgoteca trouxo a Xoán Curiel, que protagonizou un espectáculo musical para nenos e nenas e maiores que animou a XIV Feira de Artesanía e Produtos da Terra.

Tamén, a través da Fundación Artesanía de Galicia, houbo dous obradoiros gratuítos para todos os públicos especializados en pintura sobre tecido e gytaku e impartidos polos ar-

tesáns María José Martínez e José Carrera do obradoiro Peixesapop, así como por Leonor do obradoiro Como pez en el agua.

Ademais dos visitantes, tamén se achegaron á Feira o alcalde do Incio, Héctor Corujo, quen acompañou ao director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, na súa visita polos distintos postos dispostos nas rúas.

## Os castiñeiros centraron unha charla

O local social do mercado gandeiro do Incio acolleu unha xornada informativa sobre 'As doenzas máis importantes que asolan ao castiñeiro e aos seus tratamentos' na que participou o alumnado do obradoiro de emprego.

A charla foi impartida por técnicos do Centro Agroforestal do Inorde, en convenio coa Xunta e o Instituto de Desenvolvemento Económico de Ourense.



ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% verde. Concedido de 120 anos de honra.

Entra e infórmate!  
982 876 681  
sarría@xenera.com

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA

**STIHL**

**PRESUME DE JARDÍN**

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÓBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL

OFERTA PENÚLTIMA 2024

**Ferretería Sarriá**

Pedro Saco 33, Sarriá.  
Telf. 982 532 202

# DEPUTACIÓN

## Aprobados 41 proxectos de medio ambiente das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a listaxe definitiva das entidades sen ánimo de lucro que resultaron beneficiarias da liña de axudas de concorrencia competitiva que convoca a institución provincial para desenvolver proxectos medioambientais nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá. En concreto, son 110.000 euros para desenvolver 41 iniciativas que porán en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. Así o anunciou na rolda de prensa o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. Rivera Capón informou que “destinamos un total de 60.000

euros para 28 proxectos que se realizarán na Reserva Terras do Miño e 50.000 euros para desenvolver 13 actuacións na Reserva dos Ancares Lucenses”. Así mesmo, o Deputado sinalou que esta é a cuarta convocatoria desta liña de axudas que puxo en marcha a institución provincial o pasado mandato e subliñou que “da man de entidades asociativas asentadas nestes territorios contribuímos a coidar e preservar o medio ambiente, ao mesmo tempo que impulsamos o seu desenvolvemento social e económico da maneira sostenible”. Pablo Rivera afirmou que estas axudas van desde o 1.000 ata os 7.000 e puxo en valor o éxito desta convocatoria “que nos levou a incre-

mentar hai un ano o orzamento nun 30%, ata alcanzar os 110.000 euros, o que nos permite desenvolver máis iniciativas que continúen dinamizando as Reservas da Biosfera”. Algúns dos proxectos que se van levar a cabo grazas a estas axudas son: un programa de educación ambiental para persoas con diversidade funcional, que realizará a asociación Capaces Lugo; unha xornada de micología e diversos obradoiros sobre plantas silvestres e medicinais da man da Asociación de Veciños da Parroquia de Santiago de Sancovade (Vilalba); ou labores de mantemento de rutas de sendeirismo a través da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde.



## Un convenio achega á Feafes 34.000 euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co presidente da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES), Manuel Fernández Prado, un convenio mediante o cal a institución provincial achega 34.000 euros para colaborar co programa de intermediación laboral e prácticas laborais que ofrece FEAFES. Esta iniciativa vai dirixida ás persoas que padecen problemas de saúde mental, un colectivo que sofre importantes dificultades para acceder ao mundo empresarial. Este proxecto pon a disposición dos usuarios un servizo de inserción laboral que ten en conta as súas características e dificultades e que se centra na intermediación laboral e na realización de prácticas. O obxectivo é tratar de promover o desenvolvemento profesional das persoas con problemas de saúde mental a través da aprendizaxe en situacións laborais reais. Nesta liña, FEAFES Galicia pretende por unha banda, detectar e crear novas posibilidades de ocupación que faciliten o acceso deste colectivo ao mercado laboral, ao tempo que trata de eliminar os prexuízos

existentes na sociedade sobre as capacidades profesionais e produtivas das persoas con problemas de saúde mental. Concretamente, a través desta achega económica que realiza a Deputación de Lugo FEAFES contratará a un profesional que realizará tarefas de prospección no mercado de traballo para persoas que padecen problemas de saúde mental que residan na provincia. Ademais, esta colaboración tamén permitirá a inserción laboral de persoas que padecen problemas de saúde mental a través dunha bolsa de prácticas. Este programa diríxese ás persoas con problemas de saúde mental inscritas no Servizo de Inserción Laboral en situación de desemprego e fomenta o desenvolvemento de acordos con empresas. Sensibiliza sobre a igualdade de oportunidades de acceso ao emprego ou forma dentro da empresa a persoas traballadoras en sectores especializados. Ademais, os usuarios poden aplicar as súas competencias e capacidades nun traballo, aumentar a súa capacidade profesional e enriquecer o seu currículo, entre outras cuestións.

## A Vicepresidencia crea Marela!, un programa de impulso da raza Rubia

A Vicepresidencia presentou Marela!, un novo programa para a promoción e potenciación das reproductoras inscritas da Raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo. O deputado de Rural, Mar e Mocidade Daniel García foi o encargado de detallar este programa, que nace co obxectivo de promover o desenvolvemento do sector gandeiro, como sector estratéxico da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no medio rural. Marela! conta cun orzamento de

200.000 euros e beneficiará a 500 animais con axudas unitarias de 400 por animal, cun límite máximo de 6 animais por granxa que cumpren cos criterios establecidos nas bases. As bases foron publicadas o luns, 2 de setembro. Daniel García explicou que “con Marela! queremos apoiar a un sector que leva sendo castigado de xeito histórico e recorrente e durante a pandemia da COVID, a crise da guerra de Ucraína pola suba dos conxuntos dos elementos do proceso produtivo, a burocratización na tramitación das axudas da nova PAC e elevadísima

incidencia da EHE e da lingua azul nos animais das ganderías”. Poden ser beneficiarias tanto as persoas físicas como xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan unha femia reproductora desta raza, nadas nas propias granxas, que pasara o Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o pasado 2023. Os animais beneficiarios da axuda deben permanecer 3 anos na granxa do titular solicitante, con posibilidade de subrogación dos dereitos.



# INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

200 ANOS



## DEPORTES

### A SD O Páramo xa ten todo preparado para a nova tempada



A Sociedade Deportiva O Páramo pon en marcha a súa nova tempada con novas fichaxes de xogadores e unha ilusionante campaña de abonados baixo o lema de 'Orgullo de un sentimento'.

Así, queren animar a formar parte a todos os paramenses e aquelas persoas vencelladas ao Concello do Páramo a que se unan á gran familia. Haberá así tres tipos de patrocinio: un sub25, para menores de 25 anos, de 15 euros; un básico de 20 euros e un como establecemento colaborador de 50 euros e de 170 euros o primeiro ano no caso de querer po-

ñer publicidade no campo.

Tamén existe a posibilidade de colaborar co carné online, que sería un carné similar ao de establecemento colaborador, pero no que a publicidade sería saíndo continuamente nas redes sociais, que será de 25 euros por tempada.

Ademais, anuncian que veñen de fichar aos defensores Ricardo e Marcos Barrio, que proveñen da Sarriana e do Oural respectivamente; e os mediocentros Alex é Rodri, así como o extremo Hugo Dono, que veñen todos eles do xuvenil da SDC Residencia.

## O sarriao Juan Pedro Durán comeza a tempada no 'snooker'

O sarriao Juan Pedro Durán, máis coñecido como Gusi, comezou a tempada no snooker a nivel individual con diversas datas confirmadas para competir neste deporte. Ademais, será o primeiro ano no que estará no circuíto QTOUR da WPBSA, mentres segue á espera do que pasará coas instalacións onde imparte clases na Escola de Billar, na Feculera.

Así, o deportista sarriao competiu xa no Qtour 1 en Leeds; e estará do 6 ao 8 de setembro no Torneo Internacional Invitacional Inline Snooker en Oporto. Tamén en setembro estará no Qtour 2, entre os días 19 e 22 Septiembre en Sofía; e do 27 ao 29 de setembro participará na 1ª Copa España Snooker en Zaragoza. En outubro, estará no Qtour 3, do



3 ao 6 en Estocolmo; e do 10 ao 23 participará dos Campionatos Europa EBSA Snooker en Algarve. Mentres, en novembro estará no Qtour 4, do 7 ao 10 en Manchester, e do 28 ao 30 de novembro estará en Valencia, na 2ª Copa España Snooker. Xa en decembro, estará no Qtour 5, do 12 ao 15 en Viena; e do 9 ao 12 en Zurich, no Qtour 6. E estará no


Campionato España Snooker do 17 ao 19 de xaneiro en Zaragoza.

Xa en febreiro competirá no Qtour 7, do 6 ao 9 en Landywood; do 21 ao 23 de febreiro estará en Valencia na 3ª Copa España Snooker, a 4ª será do 4 ao 6 de abril en Madrid e a 5ª Copa será do 13 ao 15 de xuño en Zaragoza.

## O DHG Team estreará unha nova Ruta BTT co nome Corga's de Sarria

O Club DHG Galicia anuncia que estrean unha nova ruta o vindeiro 13 de outubro, baixo o nome de Ruta Corga's de Sarria 2024 como recoñecemento a un dos membros do club, que faleceu hai seis meses e ao que chamaban 'Corga'. Así, despois duns anos de parón, emprenden organización dunha ruta con aires renovados, cun percorrido totalmente ciclable e adaptado a todo tipo de ciclistas, pero sempre co selo do DHG.

A ruta, que transcorre polos concellos de Sarria e Láncara, terá dúas distancias: unha curta, de 35 kms cun



desnivel de 700+; e unha longa, cunha distancia de 55 kms e un desnivel de 1500+. En ambas rutas contarase con bolsa do corredor, avituallamentos sólidos/líquidos, ambulancia, voluntarios sinalizando os cruces e, ao remate, haberá pinchos para todos con algunha sorpresa.

Ademais, aproveitando que o club ten unha escola de nenos, ese mesmo día haberá unha ruta infantil polos arredores de Sarria, cha e sen dificultades, orientada a nenos de entre 1 e 16 anos, aínda que os menores de 14 anos deberán ir acompañados.

## O XII torneo Máster Sarria Fútbolín xa ten data

Os organizadores do torneo Máster Sarria Fútbolín anuncia as datas nas que se vai celebrar o evento na súa décimo segunda edición.

Así, a iniciativa deportiva terá lugar os vindeiros 31 de outubro, 1 e 2 de novembro en Sarria, nas categorías de move-

mento, parado, feminino, cego e local; acollendo aos mellores xogadores desta disciplina e a centos de afeccionados e curiosos.

Esta iniciativa conta co apoio do Concello de Sarria, da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com

NUEVA GERENCIA

MENU

ESPECIALIDAD EN PARRILLA

Buffet libre churrasco 29€

Incluye: ternera, cerdo, pollo, criollo, chorizo, patatas, ensalada, pimientos de padrón, postre, bebida, café y chupito.

Menú diario 12,50€

Menú fin de semana 15€

Churrasco siempre incluido en el menú

Amplio horario de cocina de 11h a 17h.

Celebración de eventos / Habitaciones

Tels. reservas: 634 494 540  
982 546 749

Lugar Valiña 7, Sarria

# “Todos os grupos melloraron moitísimo durante este ano”

Falamos con Jennifer, xerente do Club Aixa de ximnasia rítmica de Sarria e promotora da Asociación Deportiva que leva o mesmo nome

## Cando e por que xorde a Asociación Deportiva Aixa?

Xorde no 2009 a partir da alta demanda de nenas de ximnasia rítmica que había en Sarria, e ademais xa tiñamos un club en Monforte, que montamos en 2007, o Club Quicela. Como tiñamos posibilidades de recursos e de nenos para montar un en Sarria, fixémoslo. O nome de Aixa significa muller forte, por iso lle puxemos ese nome. Ao principio, fundamos a asociación e puxemos a andar o club, as dúas cousas á vez, e a través da asociación iamos ao colexio do Oural, do Incio e de Lánacara a dar clases de patinaxe, de ximnasia

anos deixamos de ir pola comarca dando clases porque eu quedei embarazada e xa non podía dar as clases de patinaxe. Porén, cabe resaltar que chegamos a ter no Oural 40 nenos e nenas en patinaxe e sobre 35 no colexio da Pobra de San Xiao.

## Que obxectivos persegue a asociación?

Pretendemos proclamar que os nenos e as nenas sexan máis fortes e impulsar o deporte a nivel base desde os inicios. Temos unha nai e unha filla que van xuntas ao club, polo que nós buscamos impartir ese amor polo nivel base e que coñezan o deporte. É un deporte cooperativo e compe-

é o compañeirismo e que vexan que na vida se pode perder e gañar. Por outra banda, moitas das persoas que veñen ao club din que liberan estrés, que necesitan vir adestrar para desconectar do colexio e de todo.

**Como é o traballo co alumnado?**  
A raíz do Covid baixamos o número de alumnas e agora te-

**“Pretendemos proclamar que os nenos e as nenas sexan máis fortes, así como impulsar o deporte a nivel base desde os inicios”**

mos 38 nenas e dúas profesoras. Desta maneira, traballamos con catro conxuntos, categoría benxamín, alevín infantil e cadete. O noso horario é de 16.30 a 18.30 horas os martes e os xoves e cada grupo vén unha hora ao día, entón os martes 16.30 a 17.30 horas teño un grupo e de 17.30 a 18.30 teño outro grupo, e o mesmo a miña compañeira. Dividímonos así porque temos que adaptarnos aos horarios do pavillón de Xosé Mario do Chanto. Por contra, en Monforte temos máis dispoñibilidade e adestran catro días á semana, porque hai un pavillón exclusivo para ximnasia rítmica.



rítmica e de fútbol sala nas clases extraescolares; mentres que co club dábamos só clase de ximnasia rítmica en Sarria. Porén, hai 3

titivo, e o importante é que veñan a facer deporte e pasalo ben e logo se gañan, xenial. Un dos valores que queremos fomentar



## Para o tema dos horarios dependen do Concello de Sarria, teñen colaboración con eles?

Si, o Concello de Sarria déixanos as instalacións e á hora de facer un torneo paga obsequios con axudas. Antigamente si que daban subvencións, pero hai dous anos deixaron de dalas e non sabemos por que. Pero si que recibimos axudas da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia porque somos un club sen ánimo de lucro, aínda que as socias pagan 30 euros de mensualidade, e necesitamos as axudas. Gustaríanos ter máis amplitude de horarios para poder traer actividades de vez en cando máis innovadoras. Por exemplo, temos unha compañeira en Lugo que dá ballet e nos gustaría que viñera dar unha clase ás nosas pequenas, pero cos horarios que temos é difícil. Un ano trouxemos unha clase de hip-hop, pero en dúas horas non se pode. Queremos que o Concello nos dea unha hora máis.

## Como foi esta tempada?

Esta tempada a verdade é que moi ben, xa que o conxunto benxamín clasificouse para o Campionato Galego e fixeron unha actuación espectacular, aínda que non aca-

daron subirse ao podio porque hai moito nivel, pero o que si é certo é que todos os grupos melloraron moitísimo este ano. Viñan con moitas ganas e forza e notáselles moitísimo o cambio. Están moi motivadas para o ano que vén.

## Xusto con respecto ao ano que vén, como o esperan?

Non podemos falar de cifras, xa que é un deporte que hoxe pode haber 40 persoas apuntadas e en setembro hai 20, xa que durante o paso do curso vanse apuntando. Esperamos que se manteñan, pero sempre hai altas. Con respecto aos campionatos, vemos que, coas ganas e a ilusión que mostraron, na próxima tempada poderanse alcanzar máis podios. Ademais, a nosa forma de ensinar non é como noutros clubs, que ves ás pequenas saíndo do tapiz chorando. Nós sempre que as nosas nenas compiten, marcámoslles os fallos e resaltamos os acertos, sempre de forma asertiva, cremos que é a mellor forma de ensinar. Non somos moi duras porque non queremos que nos teñan medo. Que saiban onde fallaron e que se dean de conta, pero sen que sexa un trauma.

**ALBORADA**  
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H  
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59  
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?\*

\*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)

**¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!**

**TOURIST HOME**  
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS  
Tfno: 650 082 298

**GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA**  
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

**INFÓRMATE SIN COMPROMISO**

# Roda de novo o balón

Arranca unha nova tempada de fútbol con cambios no regulamento para unificar as novas categorías, especialmente nas bases

Despois dun mes de agosto de quen- tar motores, chegou o momento es- perado. Arranca a Liga para todos os equipos de fútbol, que aproveitaron o verán para remodelar os seus equi- pos de cara a unha meta común para todos eles, crecer e superarse, ben sexa levándose o título ou mesmo o ascenso de categoría.

Para a maior parte deles o premio será manter a categoría pero sexa como sexa a maquinaria está en marcha e o balón xa botou a rodar e adaptándose aos novos cambios que trae este ano a Federación Ga- lega.

As competicións nacionais escolle- ron o inicio do mes de setembro para a estrea. Agás o CD Lugo, que en Pri- meira Federación xa leva dúas xorna- das disputadas e sen moita fortuna. O equipo, que se remodelou dende a dirección, logrou a permanencia o ano pasado in extremis, sendo o equipo mellor situado da provincia.

En Terceira Federación coinciden o resto de equipos que están en ligas nacionais. O Polvorín, filial do Lugo, e o Vilalbés, retornan a esta descendi- dos pero con forzas renovadas para seguir loitando. Neste mesmo grupo seguen a Sarriana, que non logrou o ascenso, e o Viveiro.

O equipo sarriao tivo moi preto o ano pasado a Segunda Federación, pero ao final escapóuselle o premio. Os catro equipos da provincia inicia- rán a Liga a fin de semana do 8 de setembro.

## PREFERENTE

Un dos primeiros cambios que se produce este ano é que a Preferente para a ser Preferente Futgal, aínda que segue na mesma liña e ten a mesma data de inicio da competi- ción. O Ribadeo e o Lemos conse- guiron o ano pasado manterse nesta difícil categoría e estréanse este o Pol, que pechou un ascenso directo logo dunha magnífica tempada, e o Escairón, que tivo que acudir á pro- moción para entrar no último paso do fútbol galego.

A gran novidade no formato de com-

petición de cara á próxima campaña radica na posta en marcha dun *play off* de ascenso. Ata esta campaña ascendían catro equipos de maneira directa (os dous primeiros classifica- dos de cada grupo). A partir desta mesma campaña manteranse os cat- ro ascensos, pero da seguinte ma- nera: os campións de cada un dos grupos darán o salto á Terceira Fede- ración de maneira directa e as outras dúas prazas saíran dunha promo- ción na que participarán o segundo, terceiro, cuarto e quinto clasificados de cada grupo. Estes enfrontarase de xeito cruzado (2º contra 5º e 3º contra 4º) a ida e volta. Os vencedo- res disputarán unha segunda elimi- natoria que dictaminarán as outras dúas prazas e ascenso.

Non houbo tanta sorte para o Castro e o Residencia, que regresan á Pri- meira Futgal, a nova denominación da anterior Primeira Galicia, tamén coñecida como Primeira Autonomí- ca.

A categoría segue a ser de ámbito autonómico pero composta agora por 108 equipos repartidos en 6 grupos de 18 equipos cada un. Os lugueses seguen a competir xuntos no grupo 3 e tamén saíran ao verde a mesma fin de semana. Póñense en xogo 9 ascensos a Preferente. Aca- darán o pase directo os campións de cada grupo e os tres ascensos restan- tes saíran dunha promoción na que participarán os segundos e terceiros clasificados de cada grupo.

Seguen a ser o mesmo número de equipos, e xunto aos novos descendi- dos tamén están os ascendidos, como o Vilalbés B, o San Lázaro, o Pastoricense e o Oural.

As seguintes fins de semana de se- tembro será cando se inicie a com- petición para a Segunda e a Terceira Futgal, que tamén cambian de nome pero que previsiblemente seguirán o mesmo sistema que en anos an- teriores e nas que os cambios son as novas chegadas por ascenso ou descenso. A Federación aínda non fixo públicas as normativas destas categorías pero poucos cambios se esperan xa que estas modificacións



están máis centradas este ano no fútbol de base.

## NOVAS CATEGORÍAS

Así, nas categorías xuvenil, cadete e infantil creouse unha nova división, situada entre a anteriormente coñe- cida como Liga Galega e a Primeira Provincial. As antigas galegas levarán tamén o nome de Preferente Futgal ao lado de xuvenil, cadete e infantil, e a nova categoría distínguese como Primeira Futgal. Despois desta man- terase a división provincial. Mantéñense por suposto as tres categorías nacionais, nas que está como único representante o CD Lugo. O xuvenil A está en Liga Na- cional Xuvenil, despois do descenso que acadou na última sesión men- tres que o B pasará por arrastre á agora Preferente.

En División de Honra cadete e infan- til estarán un ano máis tamén só. En Preferente Futgal están o Vilalbés, o Lugo B e o Milagrosa no norte e o Calasancio no sur. Na cadete Lugo B e Residencia están como únicos re- presentantes, logo do descenso do equipo monfortino. Na infantil com- petirán o Residencia, o Polvorín e o Viveiro.

No relativo á Primeira Futgal queda- ron clasificados a tempada pasada os mellores equipos por debaixo dos ascendidos. Os da provincia de Lugo

## O CD LUGO

O **CD Lugo** arranca tempada con novidades no seu cadro de xoga- dores. Guille Perero e Nathaniel Nicholas, aos que se uniu Raúl Her- nández, que chega á cidade amu- rallada tras completar a tempada 23/24 nas filas do CF Fuenlabrada e Jon Ceberio, mediocentro que formou parte do CF Intercity, pro- tagonizaron as primeiras presenta- cións. Únense a eles Jon Cabo, que completou o seu proceso formativo na canteira do Athletic Club, Martín Ochoa, que vén cedido do Depor- tivo, e Martín Ochoa.

A entidade tamén chegou a un acordo con Erik Ruiz, con Marcos

Sánchez, co catalán Roger Martí- nez, co porteiro Marcos Lavín e o defensa central Juan Rodríguez, procedentes do Alxeciras CF. A afección tamén poderá desfrutar do lateral esquerdo Ander Zoilo, procedente da canteira da Real Sociedade, de Alberto Vaquero e Yayo González. Pablo Cacharrón e Dani Vidal completan as presenta- cións.

Pola contra, o club cede a Andrés Castrín, que estará no Sevilla; Gonçalo Tabuaço, no CS Marítimo; David Rosón, que renova ata 2026 e xogará no Don Benito e finaliza o contrato con Fran Mérida.

foron divididos en dous subgrupos. Na xuvenil están Chantada, Residen- cia, Palas, Sarriana, Becerreá e Antas. Na cadete quedan o Polvorín FC e o EF Polvorín, Vilalbés e Residencia B xunto a Chantada e Calasancio. Na infantil están Piringalla, Milagro- sa, Sarriana, Vilalbés, Ribadeo, Lugo B e Calasancio.

## LIGAS FEMININAS

Non haberá cambios nas ligas femi- ninas este ano, nas que o Lugo e o PM Friol están como figuras desta-

casas na Terceira Federación, na que o primeiro logrou a permanencia no seu primeiro ano na categoría in extremis. Para as de Friol foi un ano complexo pero aseguraron pronto a súa praza. Arrancharán tamén o 8 de setembro a contenda.

As ligas galegas femininas retrasa- ranse algo máis. Estrearanse o 15 de setembro a Primeira e a Segunda. Logo do descenso do PM Friol B non haberá representación da provincia na categoría máis alta. Tampouco se coñece aínda a composición do resto.

**CREADOS**

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27600 Sarria (LUGO)  
626 21 86 28

**ESO**

**INFANTIL** **PRIMARIA**

**Peluquería**  
**Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

# O comezo escalonado do Fútbol Sala

Importante representación dos equipos da provincia nas principais categorías, con tres nas femininas e outros dez nas masculinas

O fútbol sala tamén volverá ás canchas pero no seu caso será de forma máis escalonada nun ano no que existe unha importante representación de equipos da provincia na elite deste deporte.

Galicia é unha potencia e Lugo contribúe a iso. 3 equipos nas dúas categorías femininas e 12 nas 5 masculinas son un número máis que representativo.

O Pescados Rubén Burela segue a ser o máximo referente cunhas laranxas que non paran de encadear triunfos e con eles tamén situados na Primeira División. Para elas o comezo está máis preto, a mediados de mes, mentres que eles terán que esperar ata outubro.

Xunto ao Burela está o Castro FSF tamén en Primeira, que logrou manterse na categoría. Estrearse, pola contra, en Segunda División feminina, o Vilalba FS, que logrou un ascenso histórico, ao igual que fixo o Lugo Sala na masculina, que se estrea na categoría de prata por primeira vez na súa corta historia. Á Segunda División B regresa o Ribeira FS, que estará xunto ao Xove e o Vilalba.

Na Terceira división tamén hai representación importante, como o Insuas do Miño, que conserva a categoría finalmente

logo da renuncia dun rival. Estarán xunto a este Begonte, Outeiro de Rei, PM Friol, San Xoán de Guitiriz e Praias de Barreiros. Os begontinos regresan á categoría mentres que o PM Friol está de estrea.

Completan a lista dous equipos lugueses que se manteñen un ano máis na máxima categoría xuvenil, o Ribeira e o Lugo Sala. A primeira en empezar será a Primeira feminina. A fin de semana do 15 será a vez dos xuvenís, a Segunda División B e a Terceira. Seguirán a Segunda feminina e masculina e os últimos en unirse son os de Primeira División masculina.

A Preferente tamén sairá ao parque o 15 de setembro.

## A COPA DEPUTACIÓN

Mentres as ligas non comezan, os pavillóns contarán co movemento que achega a V Copa Deputación de Fútbol Sala, na que participan 40 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina e que se disputará ata o 1 de novembro. Xogarán as dúas primeiras sesións a principios de setembro. A fin de semana do 12 de outubro e a ponte do 1 de novembro foron

os días escollidos para completar a competición.

De Preferente e Primeira División Feminina participan nove equipos: Ribeira Lieders FS, Concello de Begonte FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Burela Pescados Rubén B, Os Meigallos, FSF Castro Supexport B, SD Castroverde, Taboada Futsal.

De 3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina participan 12 equipos: Ribeira FS B, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Concello de Begonte FS, Fonsagrada FS, Os Meigallos FS, Club Deportivos Casás, PM Friol FS, ADC Lugo Sala Automóviles Losada B.



De Primeira e Segunda División Masculina participan 19 equipos: CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concello de

Begonte FS B, Luisitalia, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abella FC, FSF Castro Carnemax, A Lareira Os Meigallos FS B, Club Lemos FS, Desguaces Herbón.

## A SARRIANA

A **Sarriana** contará este ano con novo adestrador, Jaime Paz, que procede do Villarreal, onde formou parte do corpo técnico de Quique Setién. Tamén foi asistente técnico no Oviedo. Así, con Jaime Paz forman parte do corpo técnico do club Juan Noé, Adriano Sousa, David, Diego e Santi Prieto. Por outra parte, anunciáronse renovacións de xogadores do

equipo como Javi Liz, Valentín Mosquera, Tomás Susavila, Maxi Levbrand, Keko Vilariño, Jacobo Vilariño, Adri Díaz, Álex Boedo, Diego Rey, Cuadrado, Arona e Brais Prieto. E tamén as incorporacións de novos xogadores, que son Álex Millán, Martín López, David Guitián, Froilán Contreras, Youseff Sánchez, Rai, Luis Díaz e Santi Gegunde.



# Vazquez Autos



**pelayo**  
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

# XIII FEIRA DE ARTESANÍA

## PRODUTOS DA ZONA

# TRIACASTELA

## 28 DE SETEMBRO DE 2024



O GOGANEZAN



CONCELLO DE TRIACASTELA



ASOCIACIÓN DE ARTESANAS DO TEAR ARTELAP



ASOCIACIÓN DE MULLERES DURAS TRES-CASTROS



COLABORAH



XUNTA DE GALICIA



ARTESANÍA DE GALICIA



DIRECCIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# A Ponte de Carracedo de Láncara

Como un dos símbolos máis importantes do municipio, a ponte e a antiga torre que posuía forman parte do escudo de Láncara

A Ponte de Carracedo localízase na parroquia de San Vicente de Carracedo, en Láncara, sobre o río Neira que percorre o municipio a algo máis de 8 quilómetros da capitalidade, A Pobra de San Xiao. Esta ponte de cantería granítica foi construída no século XVI con materiais e base romanas, e mide sesenta e dous metros de longo, tres metros e medio de ancho e unha altura de 9 metros na parte máis elevada, no centro. Ademais, posúe catro arcos de medio punto de cadeirado granítico, sendo os dous primeiros os únicos que con niveis normais de auga estarían dentro do teito do río e actuando os dous restantes como desaguadoiros.

Cun gran tallamar no centro que corta e reparte a corrente da auga aos lados; a ponte posúe dúas grandes ventás que presentan forma de anca de camelo. A rasante da ponte é de dobre pendente, con tramos desiguais, producíndose o cambio no pilar situado entre os arcos principais. Na súa parte central consérvase unha estrutura prismática, que o coroa e que ten unha cavidade de dous corpos que antigamente albergaba a imaxe de San Miguel. Foi reparada na primeira metade do século XVII, pois sábese dun reparto realizado pola Real audiencia de Galicia en 1640 para o pagamento das obras realizadas.

**HISTORIA.** Tanta importancia ten esta ponte, que tanto a ponte como a torre que había antigamente forman parte do escudo

de Láncara, sendo un dos símbolos do municipio, que ten sido testemuña da historia da localidade, xa que a súa calzada é romana, pero a súa estrutura é medieval.

A teoría da orixe romana, está reafirmada pola presenza dunha antiga vía romana, coñecida como 'Camiño dos Romanos'. Segundo o trazado desta antiga vía romana, moitos peregrinos desvíábanse do Camiño Francés no lugar de Lamas de Viduedo, pasando polo Furco, Galegos, Carracedo, Bande e Hospital de Chamoso na busca da cidade amurallada.

Cabe destacar, ademais, que na Idade Media os camiñantes e carreiros tiñan que pagar unha taxa por cruzar a ponte, e ao pé da ponte había un vao que obrigatoriamente tiña que ser atravesado por carros e gando na época de estío para evitar o deterioro da ponte, que tiña ademais unha torre.

Así, era un lugar de confluencia dos correos que viñan de diferentes puntos de Galicia e que seguían camiño cara a corte.

O uso da ponte era frecuente no século XVIII, como demostra o feito de ser utilizada cada xoves como punto de encontro do correo procedente de Sarria, Monforte e Ourense, co resto de Galicia, para dende alí ser enviado á corte de Castela.

Os domingos pola noite recollíase o que viña de volta "de dicha corte y más partes de Castilla" (segundo o protocolo de D. Joseph Antonio de la Peña Somoza de 1756, que se atopa no Boletín

da comisión de Monumentos de Lugo, Tomo IV). Tamén foi utilizada polo Padre Sarmiento na súa viaxe a Galicia de 1745.

A Ponte de Carracedo tamén é representativa por ser parte do Camiño Real que entraba a Galicia desde A Meseta polo Cebreiro e, ao chegar a Fonfría, o desvío levaba cara a Láncara no seu camiño cara a Lugo, un camiño que tamén era seguido polos peregrinos do Camiño de Santiago, unindo a ruta do Camiño Francés co Primitivo.

A esta vía romana chámasele, como comentamos antes, 'Camiño dos Romanos'.

A ponte foi restaurada a mediados do século XVII e, finalmente, nos anos 90, respectando a súa peculiar traza de lombos de mula.



## MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias  
Tanatorios  
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo  
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

*Pili Madeira*  
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

## bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88  
info@bicarelo.es